


INTRODUCCIÓN

www.acidadeintuida.org



A Cidade Intuída

— 2

Presentación

Olga Pedreira Ferreiro

— 4

A Cidade Intuída

Javier Fernández Muñoz

— 6

Oportunidade para Santiago

Carlos Quintáns

— 8

A Cidade da Cultura

Xaime Subiela

— 12

Ríos

Cristina Ansede e Alberto Quintáns

— 16

Camiños

rvr arquitectos

— 20

Núcleos Tradicionais

Óscar Andrés, Jesús Conde, Santiago García,
Arancha Garnelo, Javier Llamas e Sabela Núñez

— 24

Porta Faxeira

Creus e Carrasco arquitectos

— 28

Hortas

Carlos Fernández García
Crecente Fuertes arquitectos

— 32

San Pedro

Celso Barrios, Manuel Carbajo e Juan Pinto

— 36

Intramuros

Consorcio de Santiago de Compostela

— 40

Virxe da Cerca

2C arquitectos

— 44

San Roque

Ábalo Alonso arquitectos, Escaleno arquitectura e
Salgado e Liñares arquitectos

— 48

Entrevistas

Manuel Gallego e Juan Domingo Santos
Emiliano López e Teresa Gali Izard
Luis Martínez Santa-María

— 54

Créditos

Imaxina Compostela

Olga Pedreira Ferreiro
Concelleira de Rehabilitación e Cidade Histórica

Pasado o ano 2010 e ata a chegada do vindeiro ano xacobeo en 2021 ábrese un amplo paréntese de tempo de once anos. O alcance económico desta celebración netamente relixiosa provocou certo desacougo e incerteza, un certo sentimento de baleiro, en sectores dunha cidade cada vez máis observante (pendente) dese fenómeno económico que nos chegou case co cambio de século que é o turismo. As incógnitas que agora se abren quedarán de seguro despexadas cun resultado positivo no discorrer do ano.

Non obstante, esa pausa non deixa de ser unha boa oportunidade para poñer en común e imaxinar o futuro que queremos para Compostela. Ábrese un período o suficientemente amplo que queremos aproveitar para facer unha reflexión que, partindo desde un punto de vista urbanístico de carácter técnico, convide a repensar a cidade para este comezo de século. A nosa é unha cidade cun proxecto e modelo sustentados nunhas bases que compartimos como cidadás de xeito maioritario. O respecto polo común, polo patrimonio, a aspiración de ter unha cidade cohesionada socialmente e sostible no ambiental e económico, a Compostela real, é o que nos permite desenvolver a proposta Compostela 2021. A cidade intuída.

O noso obxectivo é facer unha reflexión do espazo público, crear unha imaxe intuitiva, para suxerir ideas que nos axuden a imaxinar a cidade dos vindeiros anos. Serán propostas que van máis alá dunha mera representación virtual de proxectos reais e buscan coa imaxinación anticipar hipotéticas realidades urbanísticas que fomenten o debate e por que non a controversia. A experiencia adquirida nestes anos en materia de rehabilitación e recuperación do patrimonio permítenos subir un chanzo e mirar máis alá das necesidades inmediatas.

Unha reflexión teórica o máis ampla posible permitíranos actuar coherentemente sobre o obxecto que nos ocupa, a cidade histórica. Un exemplo disto témolo na metodoloxía que desde hai tres anos aplicamos desde a Oficina de Rehabilitación de Santiago. Partindo do coñecemento previo da evolución histórica dos distintos ámbitos e o coñecemento rigoroso dos mesmos planificamos obras en trece ámbitos (rúas Raxoi, Trindade, San Clemente, Poza de Bar, Campo e Costa do Cruceiro do Gaio, Belvís, Espírito Santo, Olvido, entorno de San Frutuoso, Campo das Hortas, calzadas de San Pedro e Santo Antonio, mirador de Belvís e a Praza de Marcial Villamor).

Con esa nova forma de traballar, que busca a especialización profesional, o que queremos é que intervencións illadas sexan percibidas coherentemente e de forma continua, non como actuacións puntuais en espazos ás veces illados. Isto non quere dicir uniformidade das actuación porque cada arquitecto deixa a súa pegada e estilo pero sempre atendendo ao que podemos chamar “subxectividade colectiva”, ou o que é esperado dun arquitecto cando intervéñ nun espazo tan sensible como a cidade de Santiago.



Imaxe cedida polo Consorcio de Santiago de Compostela.
Autor: Alfonso Aramburu

Os arquitectos e arquitectas convidados e que interviñan nalgunha das obras, tiveron oportunidade de compartir opinións e discutir das mesmas para dotalas de coherencia sen renunciar á subxectividade de cada un deles. Esa nova forma de traballar, que en parte busca a especialización profesional, foi recoñecido co Premio das Cidades Patrimonio. Agora tócanos tentar intuír entre todas a Compostela que está por chegar, anticipar as súas necesidades e polo tanto planificar as solucións.

A Cidade Intuída

Javier Fernández Muñoz
Arquitecto xefe do OCIHR e coordinador das xornadas

O espazo público é o escenario onde a arquitectura materializa o compromiso entre os distintos usos e dinámicas da cidade, onde os seus tránsitos e pulsacións deben chegar a acordo. Identifica á cidade cos seus cidadáns, converténdose no reflexo fiel da súa calidade cívica.

Dalgún xeito, sentimos que a nosa “casa” comeza onde se albiscan as primeiras sinais identificativas da nosa cidade. Cada percorrido urbano que desenvolvemos ata a nosa vivenda ou partindo dela —avenidas, rúas, prazas, beirarrúa, portal, escaleira...— condiciona a percepción e o apreicio que temos do noso fogar. Cada rúa, cada praza e cada barrio ten o seu propio carácter, as veces mais colectivo, outras case íntimo.

A intervención sobre o espazo público é seguramente a acción pública máis visible e influente na cidade. Non pode ser tratado como o espazo residual resultado da “xestión urbanística” da cidade entendida como negocio, senón que debe concibirse dende unha acción positiva, recoñecendo-lle a súa función estrutural e representativa da cidade.

A historia da cidade ofrécenos significativos exemplos desta sensibilidade cara o espazo público, como son a “Memoria sobre las obras en la catedral de Santiago” elaborada por José de Vega y Verdugo, en 1657, que revela unha gran preocupación cara ao espazo público do entorno da Catedral, e o proxecto de “cidade xardín” do arquitecto Jenaro de la Fuente para o Campus Universitario.

O espazo público é continuo: o ceo penetra na cidade o seu través, a arquitectura lle marca os percorridos,... comprende todo o que a vista alcanza, aprópiase das fachadas dos edificios e das perspectivas que estes definen e encaixan, e tamén do paisaxe.

A súa definición, en canto obxecto de reflexión continuo e transitorio, tanto no seu senso espacial como temporal, debe ser coherente no seu conxunto, asumindo que calquera actuación sobre unha pequena parte inflúe no resto, e que o seu carácter xeral debe condicionar cada unha das pequenas actuación que se realicen.

Esa lectura continua e “única” —aínda que moi matizada en cada caso— contrasta coa imposibilidade de actuar unitaria e contemporaneamente sobre todo o conxunto. É inevitable que as actuacións se concreten sobre pequenos fragmentos da cidade nun espazo temporal continuo. Non esquecemos que o espazo público crece e transfórmase constantemente.

Como arquitectos, non podemos, nin queremos, renunciar á subxectividade na proxección destes espazos, de cada un deles. Pero, de acordo ao seu carácter público, a súa definición debe responder a unha subxectividade “colectiva”, nunca individual. A labor do arquitecto é darlle a cada pequeno ámbito o carácter adecuado. Concretar, coa menor intervención posible, o senso que cada espazo debe ter en relación ao conxunto do espazo público da cidade. Aínda que a intervención se produza dun xeito fragmentado, ese ámbito de reflexión pode ampliarse espacial e temporalmente.



A duración de todo o proceso de urbanización dun pequeno fragmento do espazo público, dende que se identifica o ámbito no que se quere intervir ata que se conclúe a execución das obras -supoñendo unha duración desta de só seis meses-, representa un prazo de tempo superior ós dous anos.

Compre lembrar tamén que a maior parte do financiamento deste tipo de actuacións depende de inversións externas ao ámbito Municipal, inversións que normalmente veñen ferreamente “atadas” a condicións temporais que responden máis a lóxicas administrativas que á propia natureza deste tipo de actuacións, impedindo calquera tipo de programación razoable.

Polo tanto, parece evidente que o único xeito de abordar estas grandes inversións con algunha garantía de rigorosidade e calidade nos resultados, é iniciando con moita antelación os procesos de análise do espazo público co obxecto de identifica-lo carácter que desexamos que acade a cidade. Esta convicción é a que nos leva a propoñer este congreso.

A “periodicidade” irregular da celebración do Xacobeo é significativa. A proximidade dos Xacobeos dos anos 1993 e 1999 permitiu relanzar a promoción do camiño e a rehabilitación da cidade destino da peregrinación. Ambas operacións foron un éxito recoñecido internacionalmente en numerosas ocasións. Os dos seguintes, nos anos 2004 e 2010 consolidan a traxectoria iniciada e aseguran o futuro. Sen embargo, ábrese agora un amplo paréntese de once anos que non deixa de representar unha oportunidade para a reflexión. Podemos xogar, non sen certa dose de fantasía, a imaxinar como podería ser, e como nos gustaría que fose a cidade unha vez vencido ese prazo.

Propoñemos unha reflexión intuitiva do que podería se-lo espazo público dos ámbitos do patrimonio cultural do termo municipal dentro dunha década. Queremos visualizar unha “ficción”, futura e posible, que nos guíe e oriente na obtención dunha “realidade” axeitada. Non se trata dunha representación virtual de proxectos xa previstos, senón de realizar un exercicio de imaxinación, con bases rigorosas e técnicas, que permita aventurar e recrear posibles realidades dun futuro próximo, e ensaialas distintas direccións que a cidade pode tomar, precisamente como reflexión previa para orientarnos nesa andadura.

Propoñemos unha reflexión a tres escalas: territorio, cidade contemporánea e casco histórico. En cada escala traballamos sobre os tres o ámbitos que consideramos mais relevantes. Organízanse grupos de traballo para cada un dos ámbitos, iniciándose o proceso o pasado mes de setembro. Nas xornadas de exposición crítica conxunta de tódolos equipos, son invitados a participar arquitectos e profesionais de recoñecido prestixio.

Na escala do territorio, indágase sobre as posibilidades de recuperar e reverter á sociedade o tecido tradicional dos camiños e núcleos históricos e a riqueza etnográfica e natural dos discursos fluviais existentes, nun

intento de xerar un novo uso e disfrute do patrimonio cultural do territorio.

Na escala da cidade contemporánea, a relación entre o “vello” e o “novo” desenvólvese sobre tres aspectos esenciais: ó sur, o “contacto” da cidade densa histórica do Recinto Intramuros coa cidade densa contemporánea do Ensanche; ó oeste, a rápida transición dende a cidade monumental, a través do barrio de San Lourenzo, ata o río Sarela; e ó leste, a traballosa evolución do barío de Belvís e a rúa de San Pedro cara a esa “fronteira” que hoxe representa a Avda. de Lugo.

E xa na escala da propia cidade histórica, queda por estudar un barrio extramuros, o de San Roque, outro intramuros, a Améndoa, e unha porción significativa do que foi o gran fito urbanístico do crecemento da cidade, a muralla de mediados do século XI - e o seu foxo-, entre a súas portas do Camiño e da Mámoa.

Independentemente destas tres escalas de traballo, tratamos tamén o ámbito da Cidade da Cultura nun intento de non esquecer que os grandes contedores culturais públicos, dalgún xeito, tamén forman parte do conxunto do espazo público da cidade.

Con este Congreso non se pretende obter proxectos, nin tan sequera intencións, só imaxes intuitivas dun espazo público desexable, de entre os posibles, para un futuro non moi afastado.

Algunha ideas, en función do contexto socioeconómico, poderán ser “fallidas”, pero non por iso terán sido inútiles, posto que axudarán, de certo, a toma-las decisións acertadas.

O espazo público con que contemos nunha década dependerá exclusivamente dos cidadáns e do que demanden ós seus responsables políticos, e de ninguén mais. E os cidadáns so poden demandar o que coñecen, pero tamén o que sexan capaces de imaxinar.

Con este congreso queremos axudar a reflexionar sobre o espazo público, axudar a imaxina-la cidade...

Oportunidad para Santiago

Carlos Quintáns
Arquitecto. Coordinador das xornadas


Esta oportunidad para poder reflexionar sobre como Santiago puede plantear la definición de su espacio público permite abordar la ciudad de forma conjunta y atendiendo a sus especificidades. Santiago es una ciudad resultado de una suma de circunstancias únicas que se han ido sumando con el tiempo y que se ha generado gracias a planteamientos locales y a otros, también, más amplios; con las características específicas que han permitido singularizarla y al mismo tiempo con las que remiten a las de el territorio en el que se sitúa.

Con la ciudad muy definida, tan solo nuevas necesidades como la de la Universidad había permitido planteamientos ambiciosos más allá del día a día que había definido una nueva ciudad al margen de la histórica. Proyectos como el de la Rúa Galicia de Antonio Palacios son una excepción y este abordó la solución de problemas generados por el incipiente turismo a la ciudad desde un planteamiento regional y pasó al olvido sin generar ni tan siquiera una reflexión ya que posiblemente ese fuese el objetivo; otras actuaciones como la de la avenida Juan XXIII fue algo más que una reflexión, fue y es un hecho sin solución. En 1976 el seminario internacional de arquitectura en Compostela trabajaba sobre la ciudad con el análisis de los lugares en los que es mayor la tensión entre el centro y lo que denominan "la periferia", un trabajo que incidía plenamente en la ciudad y que intentaba servir de germen a todo el territorio gallego. Un Seminario internacional de arquitectura contemporánea volvió a trabajar en 1986 sobre los temas planteados en el primer SIAC y ya no llegó ni al papel.

Desde ese momento el planeamiento asociado a determinados proyectos que si se han materializado han ido buscando solución a parte de los problemas y la continuidad a lo maravilloso de esta ciudad. Proyectos públicos y también privados han fortalecido la herencia urbana y a esto se le van sumando diversos cursos o talleres que se han centrado en los mecanismos necesarios para la intervención con carácter general y también en partes específicas de la ciudad.

Santiago es una ciudad muy definida a lo largo de una historia densa, en la que en el XX aparecen problemas por los cambios que experimenta. Una ciudad que tiene que saber adaptarse a su crecimiento, a un turismo que aumenta de forma notable y a grandes operaciones culturales de carácter regional como la ciudad de la cultura. La realización de estos ejercicios de pensar el futuro de la ciudad, como el que nos ocupa, debe surgir del análisis de sus fortalezas y para atender a la solución de sus deficiencias, pero sobre todo para fijarse en sus singularidades.

Santiago es una ciudad que nace de los caminos y que tiene una escala que permite la posibilidad de prescindir del coche y su inclusión es la generadora de buena parte de sus problemas. El planteamiento de la revitalización de los caminos carnos como complemento a una ciudad histórica ya peatonalizada puede dar con la solución a los problemas que el vehículo genera en la trama no peatonalizada. Entender al camino como



enlace de puntos clave, como articulador de relaciones entre lo público y lo privado, como lugar de cruce y reunión de paseantes y puede que como abrigo ...El vehículo no debe obligar a la definición de la ciudad, debe solucionarse su inclusión pero sin el carácter dominante que presenta en cualquier ciudad, no solo el vehículo privado difícil de controlar sino también el público necesitado de análisis detallados.

Santiago tiene unas características geográficas muy concretas que le permiten la percepción de la topografía y la vegetación que rodea la ciudad o la presencia de magníficas visiones hacia la ciudad esenciales y parece que se ha olvidado de sus ríos (quizás por su modestia) después de encontrar en ellos el agua o la energía necesaria, hoy es necesario volver pensar en ellos y recuperar su presencia en la ciudad, de la misma forma que atar sus espacios verdes, estableciendo su imbricación y caracterizándolos con el protagonismo que merecen.

La pervivencia de una trama agrícola dentro de la ciudad ha dejado amplios espacios en los que se multiplican las posibilidades de actuación dentro de una ciudad, son pocas las ciudades en las que esta trama se ha conservado y no es necesario implementarla como está ocurriendo en otros lugares, al calor de una línea participativa; en Santiago esto puede reactivarse. Una vida urbana combinada con las actividades agrícolas puede ser posible y es necesario plantearse sus posibilidades.

Santiago no solo se caracteriza por la ciudad definida dentro de las antiguas murallas sino también por los grandes espacios conventuales que la rodeaban. Estos grandes espacios han ido configurando características propias a su alrededor y han dejado definidos barrios o zonas. alguna de estas zonas conserva heridas definidas por actuaciones problemáticas en los momentos de un pésimo desarrollismo como las que limitan la zona de Belvis y que no han sabido encontrarse con el barrio ni con el límite de la ciudad y otras actuaciones han sido puntuales y extremadamente dolorosas como las definidas entre espacios conventuales de magnífica presencia como el de Santa Clara y el de San Domingo de Bonaval y en el que se inscriben espléndidas actuaciones como las definidas por el Cgac y el parque o las viviendas de López Cotelo que ayudan a encontrarse con una trama de ciudad poco afortunada pero que todavía tienen espacios que necesitan de su solución en los bordes de estas actuaciones.

Pero no solo debe atenderse estrictamente a la ciudad, no debe ser un hecho aislado. Santiago ha ido agregando núcleos y ha dejado lugares con tensiones y otros en los que todavía es posible establecer formas adecuadas de crecimiento. Aldeas y pueblos que rodean la ciudad y que pueden constituir magníficos ejemplos de convivencia de una trama agrícola con la proximidad de lo urbano y en los que pueden recuperarse los valores positivos que la definición de los ámbitos públicos y privados posibilitaba hasta hace poco tiempo. Santiago tiene que servir de ejemplo, no solo en su casco histórico, también en todos sus núcleos.

Cidade da Cultura: un espazo público cultural

Xaime Subiela
Sociólogo e politólogo, foi director-técnico do proceso participativo para a definición de usos e contidos da Cidade da Cultura.

A Cidade da Cultura de Galicia naceu allea á cidade de Santiago e ao sistema cultural galego. O motivo da súa aparición non tivo que ver co proxecto urbano compostelán nin cunha demanda do campo cultural, primou o seu carácter simbólico, a idea de xerar un atractor que debía impresionar, a nativos e foráneos, onde a escala era relevante a ollos do seus promotores.

A día de hoxe o proxecto cultural está escasamente definido e desde logo a aposta polo liderado cultural e social é moito menor que a destinada á obra arquitectónica. Neste texto defendemos o seguinte: a obra arquitectónica ten un valor icónico importante como símbolo, e con capacidade para atraer visitantes que admiren a súa feitura, pero será a estratexia e o proxecto cultural, social e económico o que permita tirarlle proveito para o conxunto da sociedade galega, especialmente a compostelá.

Arquitectura espectáculo

A Cidade da Cultura é en boa medida un experimento formal, arte exhibicionista pensado principalmente para ser visto. O seu autor, Peter Eisenman, non enganou a ninguén, a súa aposta deconstrutivista reforza a relevancia autónoma da forma, do significante, nas súas palabras: "a arquitectura debe constituírse na súa causa e na súa orixe". Admite usos como equipamento cultural pero a función principal desta arquitectura é ela mesma, está feita para ser contemplada, marabillar, fascinar ao espectador.

A espectacularidade garante un fluxo masivo de visitantes que irán en moitos casos a ver a arquitectura, e seguramente cunha predisposición positiva a outro tipo de experiencia cultural. A Cidade da Cultura pode abrir moitas oportunidades para a cidade de Santiago, pero tamén considero que Compostela é clave para o éxito do proxecto, especialmente a implicación do seu tecido cultural e a súa cidadanía. Hai unha serie de diálogos pendentes referidos a: os axentes sociais e económicos da cidade, o tecido cultural, a cidade como proxecto urbano, e co conxunto da cidadanía para que sinta como seu ese espazo.

Lugar de vida cultural

Se a Cidade da Cultura se convirte nun sitio soamente para ser visto está morto, precisa a vida que lle pode proporcionar o tecido cultural e a sociedade compostelá. Se nos centramos só nos elementos pasivos e estáticos, alentaremos tamén visitantes pasivos, o que ao meu xuízo vai ser de escaso interese para eles mesmos e desde logo para a sustentabilidade do proxecto, xa que moitos visitantes poden pensar: así que se vai unha vez, queda visto.

O pulso dunha cidade non está en ter oferta para o turismo, senón que os visitantes podan compartir a vida cultural da cidade. O mellor que podemos facer para o turismo e termos unha vida propia na que se

queiran integrar, e sermos acolledores. A oportunidade do turismo cultural é enorme; a CdC pode contribuír a ampliar e mudar o perfil dos visitantes, e incorporalos ao consumo cultural, facer que transiten do ver a vivir a cidade. A mellor aposta que podemos facer polo futuro para o turismo, para o desenvolvemento, é que pensemos a actividade cultural para aquí con perspectiva internacional.

A clave de bóveda é o proxecto cultural e social xunto ao seu liderado, un proxecto ambicioso que ensanche o campo cultural e amplíe públicos, asociado a unha estratexia que potencie, articule, capacite, dignifique e proxecte ao sistema cultural galego en perspectiva internacional. A CdC é unha oportunidade para crear e producir propostas culturais que dificilmente se poderían levar a cabo sen este contedor, outorgándolle un novo protagonismo á cultura; deixar de concibila como un adorno e comprendela como un activo para o desenvolvemento, un investimento clave para a sociedade do coñecemento.

Espazo público para a cidadanía

O espazo público é o espazo cívico do ben común en contraposición ao espazo privado dos intereses particulares. Isto non debe reducirse ao plano xurídico, debemos aprecialo como lugar para a sociabilidade. O espazo público é un concepto central na democracia como o ámbito onde se goberna a complexidade das nosas sociedades e onde se constrúe o común. Tradicionalmente nas cidades europeas o espazo público foi comprendido como prazas, rúas, lugares para a vida en común, os espazos urbanos onde se favorecía a urbanidade. Desde aquí alentamos o espazo público como lugar de encontro, o que M. Walzer chamaba open-minded spaces. Se o obxectivo é a sociabilidade cidadá non importan só os fluxos de individuos, senón a intensidade e a calidade das relacións que se establecen entre as persoas. Eses espazos públicos deben ser lugares que acollen, coidados, que teñan en conta a calidade de vida; debemos apostar por facer da Cidade da Cultura un espazo público aberto ao conxunto da cidadanía.

O espazo público caracterízase pola complexidade derivada da superposición de funcións, neste punto a CdC é ambivalente, pode concibirse como un polígono de consumo cultural ou pode operar como un lugar de diversidade de funcións nucleadas arredor da cultura. O feito de que non sexa un só edificio con programación, senón un complexo arquitectónico con proxectos diversos podería favorecer a súa conversión nun espazo público cultural, cuberto e ao aire libre.

Cidade integrada

O carácter alleo ao proxecto urbano de Santiago implica abordar unha serie de dificultades cara o futuro, e sinalo tres das principais: (1) A cidade interrompida, a Avenida de Lugo e a entrada do tren compréndense



como o límite de Santiago, un non-lugar que rompe a continuidade e deslinda a fin do espazo urbano; (2) Monte "en las orillas del Sar", o Gaiás é un monte cuxo desnivel pode dificultar a accesibilidade para os camiñantes, debería comprenderse como paseo máis que como excursión; (3) Lonxanía simbólica, a distancia psicolóxica da CdC fai que se perciba máis afastada do que sinalan os mapas -desde a Estación de tren (futura intermodal) hai unha distancia menor que ao Auditorio ou a San Caetano-;

Co horizonte da integración sinalamos algúns obxectivos para que a CdC mire á cidade e gañe os nutrientes de vida que precisa, e que Compostela gañe un activo para o seu desenvolvemento e un espazo público para a súa cidadanía:

– Conectividade e mobilidade pública fluída e vertebradora, incluíndo a conexión coa AP-9 e coa rotonda de Fontiñas, e a incorporación do Gaiás nas liñas de bus urbano desde diferentes puntos de Santiago. En todo caso debería establecerse un sistema de transporte entre os lugares de maior tránsito (Estación, zona antiga e CdC) que reunise as seguintes características: (a) non programable, de frecuencia continuada; (b) atractivo, que a viaxe sexa gozable en si mesma; (c) integrado cos demais modos de transporte (Estación intermodal).

– Outro dos retos principais será integrar a zona do Gaiás/ Brañas de Sar co conxunto da cidade, xerando unha área de expansión e un paseo agradable a pé ou en bicicleta. Para isto haberá que: (a) coser as dúas beiras da Avenida de Lugo na súa parte baixa; (b) conectar o Gaiás e a cidade histórica a través de zonas verdes (Belvís e Brañas de Sar) e peonís (cidade histórica); (c) facer agradables os paseos desde Fontiñas e Sar cara o Gaiás; (d) procurar que a nova estación intermodal se abra para aos dous sentidos e se pense tamén como nexo e lugar de tránsito desde o Ensanche cara ao Gaiás.

A Cidade da Cultura xa vai tendo corpo e vida en diversos órganos, agora precisa cerebro que saiba dar sentido ao conxunto, ou mellor dito alma. Ao pouco tempo da consagración da Catedral de Santiago, Tomás de Aquino sostíña que Deus insuflaba a alma aos homes logo de 40 días da súa concepción, 90 días para as mulleres, agardemos que no 2021 dez anos despois da "consagración" da CdC se empape da alma cultural necesaria para dispoñer dunha vida plena.

O obradoiro de espazo público 'A Cidade Intuída' naceu co ánimo de visualizar unha realidade posible e desexable para a cidade de Santiago no ano 2021. Con esa liña de investigación aberta, celebráronse, durante os últimos meses do 2010 e o comezo do ano 2011, na sede do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, unha serie de obradoiros de exposición, reflexión e debate que axudaron aos equipos de arquitectos a desenvolver e evolucionar as súas propostas.

Recoñecidos profesionais da arquitectura, o urbanismo e o paisaxismo foron convidados ademais para aportar as súas opinións e reflexións críticas ao longo destas xornadas, introducindo novas ideas, plantexando camiños a explorar por parte dos equipos, e amosando o máis salientable do seu propio traballo nas conferencias coas que finalizou cada obradoiro.

O resultado do traballo dos equipos, e destes obradoiros, é o conxunto de propostas 'intuídas' que se presentan a continuación.

Historial de actividades:
6 de outubro 2010 Reunión de inicio e presentación dos temas
25 de novembro 2010 Exposición de 09:00h a 14:00h e de 16:00 a 19:00 Asesores Manuel Gallego, arquitecto Juan Domingo Santos, arquitecto Conferencia (19:30h) Juan Domingo Santos
21 de decembro 2010 Exposición de 09:00h a 14:00h e de 16:00 a 19:00 Asesores Emiliano López, arquitecto Teresa Gali Izard, paisaxista Conferencia (19:30h) Teresa Gali Izard.
2 de febreiro 2011 Exposición de 09:00h a 14:00h e de 16:00 a 19:00 Asesores Manuel Gallego, arquitecto Emiliano López, arquitecto Luis Martínez Santa-María, arquitecto Conferencia (19:30h) Emiliano López. Conferencia (20:15h) Luis Martínez Santa-María



Escala
Territorio

Ámbito
Ríos

Equipo
Cristina Ansede e Alberto Quintáns

Podemos imaxinar o espazo público vinculado ó río como a relación entre natureza e actividade humana no marco da cidade. Un espazo natural pode constituír un espazo público sen necesidade dunha base construída para que sexa posible. Do mesmo xeito, noutras ocasións é o medio construído o que nos proporciona a lectura dunha relación entre natureza e ser humano que xa non existe. O primeiro podémolo atopar hoxe en moitos tramos do río Sarela. O segundo é o caso das infraestruturas históricas que se atopan ó longo deste río, pegadas construídas testemuña dunha relación entre enerxía natural, enerxía humana e cultura. Na súa meirande parte perderon a su a función, pero fan posible unha lectura cultural da paisaxe que explica a orixe da cidade e o seu desenvolvemento ata ben entrado o século XX, e que é a tradución á materia dunha relación pasada da sociedade, a natureza e o seu sistema produtivo.

O río Sarela está cheo destas pegadas, ata tal punto que non hai ningún tramo en todo o seu percorrido, dende o nacemento ata a súa confluencia co Sar, que estea libre delas. A meirande parte destas sinais, muíños e as súas canles, curtidurías, presas, regos e acequias, a punto de desaparecer, son liñas que demostran un coñecemento profundo do medio natural.

Trazar liñas inamovibles nun medio como este implica un coñecemento profundo do mesmo. Supón ser consciente da fragilidade do ecosistema, da súa complexidade e da súa condición cambiante como sistema vivo.

Houbo un tempo, o tempo destas pegadas, no que sabíamos facer liñas, porque éramos conscientes da necesidade de conservar o recurso, de non explotalo ata o seu esgotamento porque do seu futuro dependía o noso propio. Houbo outro tempo no que nos esquecimos, e confiamos cegamente na tecnoloxía e na nosa capacidade de domesticala natureza.

Hoxe miramos de novo ó río conscientes da súa fragilidade, preocupados de novo pola xestión da auga, buscando integrar cada vez máis a natureza no interior das nosas cidades.

O noso fragmento de cidade intuitúa é a que habitará unha sociedade que creará na necesidade de coidar a natureza porque entenderá que alterar o seu equilibrio é alterar o noso. Tamén entenderá que un espazo público é un dereito que conleva unhas obrigacións e que o mantemento é una tarefa que implica unha gran inversión de recursos. Por isto mesmo, e porque o auga segue a ser fonte de produción de enerxía, e a terra de alimentos, crear un parque asociado ó río, pode integrar un sistema produtivo na base física que aínda conservamos, cuxos beneficios revirtan no mantemento do propio río.

Non se trata de recuperar un sistema económico obsoleto, pero si de integrar solucións ós nosos problemas actuais e resposta a demandas sociais crecentes como vida san, alimentación de calidade e relación coa natureza en entornos urbanos.

O corredor fluvial combinaría a restauración do estado de saúde do río, coa reconfiguración do sistema xeral de saneamento, a habilitación de percorridos peonís, e o deseño dunha estratexia produtiva integrada nas construcións e canais existentes.

Os espazos límite entre río e cidade, albergarán zonas agrícolas que proporcionarán beneficios a través de zonas habilitadas como mercado, restaurante ou centros educativos.


Sería posible tamén, pensar en producir enerxía eléctrica a pequena escala para aproveitamento como iluminación das zonas máis urbanas do corredor, aproveitando as canles e instalación dos muíños.

En definitiva, na nosa visión de futuro cercano, o Sarela será un xermen que promova a integración de sistemas naturais sen domesticar no interior das cidades. Gustaríanos que se convertise nun exemplo de reutilización dun legado cultural herdado, lido en clave de futuro, que integre o pasado sen caer en propostas sen contido.


A mellor lectura da paisaxe cultural herdada non é a súa musealización, senon a súa integración nas nosas actividades futuras. As regras sobre as que foi creada esta paisaxe foron as da lóxica e a razón, o que segue a ser a clave para moitos dos nosos problemas actuais.



Sar e Sarela no 2000
Tramo do Sarela obxecto de estudo



Sistema fluvial do Concello de Santiago. Concas do Tambre e do Ulla



Conca do Sarela


Existe un río paralelo ó natural, base dun sistema agrícola en estado de abandono. Muíños, curtidurías, regos, presas e canles estruturan un territorio límite entre a cidade e o río, pegada do que foi o sustento económico ata fai pouco.

A zona norte discorre por un val aberto con maior proporción de brañas e zonas chas cultivables. Neste tramo, dende Ponte Romaño ata Ponte do Asén este río construído paralelo se especializa en regos aínda que existen muíños e curtidurías. O tramo que comeza en Ponte do Carme e remata en Ponte Sarela polo seu maior desnivel, menor apertura de cauce e maior número de meandros especialízase na obtención de forza a través dos canais paralelos que levan auga aos muíños.


Detéctanse problemas no sistema natural do río, como vertidos e problemas de definición do cauce.




Os encontros coa cidade, son puntuais e se prioriza o medio construído sobre o natural sen establecer unha relación entre eles. A cidade lle da as costas fisicamente, sendo o fronte ó río una cortina de fachadas traseiras na zona norte e unha edificación descoidada en estado de abandono na meirande parte dos casos na zona Sur.

O tramo intermedio de Galeras é o tramo urbano por excelencia, onde xa non existen pegadas deste sistema agrícola produtivo e hoxe en día é un parque, porta principal de entrada ao río dende a cidade.





Río Sarela
Canles paralelos
Accesos dende Santiago
Puntos de cruce entre río e cidade





Imaxes

Zonas naturais sen
intervención
Uso Recreativo
Uso Recreativo
Cruce con actividades
relacionadas co sistema
produtivo



Auga

Imaxinámonos que nesta cidade intuída existe un maior control dos vertidos e podemos garantir que a auga non está contaminada e en nos podemos meter nela para refrescarnos no verán.


A nível global imaximámos um sistema de saneamento mais eficiente que suporia minoral carga de água da depuradora que a devolve ó rio, reconduciendo água de choiva cara o seu cauce natural e filtrándoa a través de filtros naturais en zonas estratéxicas. Tamén nos imaxinamos que non se lle dá o mesmo tratamento á água de rego por exemplo que á de consumo humano. O uso de águas dos antigos mananciais que abastecían a cidade non é viable porque somos demasiados, pero poderíamos usar água de depósitos de choiva para rego e limpeza a nível de cidade.

Conca

En canto á conca, o facer máis permeables os solos e controlar a calidade da auga que deixamos que se filtre, tendo en conta que as augas das estradas non son adecuadas, poderemos devolver ó río parte da escorrentía natural, apoiándonos tamén no cultivo de plantas que axuden á súa depuración. Un proceso de permeabilización das zonas urbanas axudaría a recuperar parte da auga dos ríos.

Cause

Nun futuro inmediato imaxinámonos que as actuacións que se realicen non boten a perder o espazo natural onde no sexa preciso. Que se recoñezan as situacións, os tramos nos que non é preciso facer nada. Que se entenda que integrar no noso sistema urbano espazos naturais destas características es un luxo que aínda nos podemos permitir se freamos a presión que agora mesmo exerce a cidade. Que entendamos por accesibilidade o facer accesible a chegada o río pero que non convertámolo seu percorrido en un paseo con ancho obrigatorio e trazado paralelo ó auga en todo o seu percorrido. Apoiándonos nesa outra franxa máis ancha que abarcan as infraestruturas históricas atopamos camiños históricos que se acercan y se aloxan do curso da auga , que nalgúns puntos poden ser unha alternativa interesante para non destruír o bosque de ribeira e non rompa a continuidade do camiñar.





Encontro coa cidade

Tamén cremos que haberá zonas susceptibles de ser tratadas como espazo urbano máis construído, pola presión da cidade, e que entendendo a natureza do sistema iso non ten por qué ser malo. Do mesmo xeito que tamén esperamos que se interveña dunha forma contundente nos choques con infraestruturas e construcións das épocas nas que o río era a parte de atrás da cidade.

Infraestructuras históricas

O medio construído deste corredor fluvial apoiara-se sobre as preexistencias, aproveitando a estrutura territorial que xera e a propia materia para os novos usos que se plantexan.

Nas edificacións abandonadas, se localizarán os usos complementarios que demanda este tipo de proposta. Restaurantes nos que degustar os produtos que se cultivan no corredor, aulas nas que ensinar formas de transformar e procesar estes produtos ou espazos de apoio a esas áreas de cultivo. Incluso se podería xerar enerxía eléctrica a pequena escala para usos do propio parque.



-  Río
-  Camiño á beira do río
-  Camiño alternativo con millors condicións de accesibilidade
-  Tramo con caracter urbán
-  Parque urbán

Escala
Territorio

Ámbito
Camiños

Equipo
rvr arquitectos

1. Os camiños de Santiago garantiron historicamente a conexión da cidade co seu territorio inmediato e máis aló co territorio europeo. Á súa importancia relixiosa, cultural e hoxe tamén turística pode sumarse na cidade futura esta idea: que sexan os canles dos que partan unha rede de camiños menores que contribúan a mellorar a capilaridade da cidade co seu territorio rural, constituíndo unha malla preferentemente peonil e de bicicleta que supoña unha alternativa real e posible ao uso do automóbil.



Os camiños de Santiago garantiron historicamente a conexión da cidade co seu territorio inmediato e máis aló daquel co territorio europeo.

2. Os camiños son conformadores da forma da cidade. A cidade medieval foi desenvolvéndose de maneira paulatina máis aló das súas portas sempre a través dos rúeiros que a conectan co territorio. Así a cidade e o seu campo mostrábanse intimamente enlazados, nunha forma que recorda moito a de un corazón e súas arterias. O crecemento radial de Santiago, nas catro direccións, ten como base os camiños de entrada a cidade: norte (camiño inglés); este (camiño francés); sureste (ruta da prata); sur (camiño portugués) e oeste (camiño cara a Fisterra). De tal xeito que o desenvolvemento da cidade vaise facendo sobre a traza dos camiños. A súa forma permanece mais o menos inalterada ata os anos cincuenta do século pasado cando a súa continuidade modifícase progresivamente, debido a tres fenómenos principais:

- o proceso urbanizador do territorio rural
 - a construción das grandes infraestruturas viarias
 - a concentración parcelaria
- Do intenso **proceso urbanizador** que se produciu na segunda metade do século XX queda unha cidade dispersa e atomizada no territorio, con asentamentos de pequenísima densidade que se unen por unha complexa rede viaria construída sobre a lóxica do coche e aloxada da razón unitaria casa-agro-camiño que caracterizaba aos núcleos rurais tradicionais. Xorden ao mesmo tempo poboacións máis densas que se van situando no perímetro do termo municipal- Sigüeiro, Teo, Milladoiro...- ao carón das principais estradas de comunicación e polo tanto sobre as trazas dos antigos camiños, nas que se asentan persoas que diariamente se desprazan a Santiago para o traballo, o comercio e o ocio.

As **grandes infraestruturas viarias** —ferrocarril, autopista A9, etc— provocaron a fragmetación da continuidade territorial xerando barreiras e bolsas valeiras de solo as que a lóxica menuda dos camiños non sabe moitas veces respostar.

A **concentración parcelaria** estableceu xeometrías moitas veces alonxadas dos mecanismos tradicionais da xeografía rural aos que respostaban os camiños provocando variacións na súa traza e discontinuidades dentro da rede viaria tradicional.



O crecemento da cidade fóra das súas portas evolucionou sobre as trazas dos camiños, que enlazaban de forma unitaria a cidade e o seu campo.

1. Ruta da Prata
2. Camiño Portugués
3. Camiño de Fisterra
4. Camiño Inglés
5. Camiño Francés


3. A dimensión e a escala da Compostela actual, coa maior parte dos seus grandes equipamentos públicos situados dentro de un radio de apenas 2 km desde o centro da cidade, e a pervivencia ata a actualidade, malia o explicado anteriormente, da rede de camiños de peregrinación é unha oportunidade para traballar na continuidade da trama peonil da cidade histórica sobre a rede dos camiños históricos. O obxectivo de ese traballo é a creación sobre o viario existente dunha rede de camiños de uso peonil que supoña unha alternativa ao uso do coche que permita dar solución a parte dos problemas que a súa presenza extensiva supón: apodramento por parte do coche do espazo público, gasto enerxético, polución, rúidos, etc.

O recoñecemento dos camiños é o recoñecemento dos lugares polos que pasan. A súa potencia é a noso entender non tanto a pervivencia dunha traza senón a pervivencia duns lugares de paso, e o seu valor como conformadores de eses lugares. E ao mesmo tempo que unen lugares, fan da experiencia do camiñar unha experiencia de percepción lenta do territorio físico que atravesan.

A nova permeabilidade da cidade no seu territorio rural terá que facer dos camiños un verdadeiro espazo público, que preserve a súa integridade como dominio público, como espazo de encontro e relación para a xente, xerando accións de recuperación e coidado do territorio polo que atravesan e favorecendo a integración da poboación urbana e a do campo e os seus vínculos de pertenza á cidade única que é Santiago.


Da progresiva urbanización do campo que se produciu na segunda metade do século XX xurde unha cidade dispersa e atomizada no territorio, con asentamentos de pequenísima densidade que se unen por unha complexa rede viaria construída sobre a lóxica do coche e alonxada da razón unitaria casa-agro-camiño que se producía nos núcleos rurais tradicionais.

1. Aeroporto
2. Polígonos industriais
3. Xunta de Galicia
4. Estación de autobuses
5. Campus Universitario
6. Estadio de San Lázaro
7. Multiusos do Sar
8. Estación do tren
9. Cidade da Cultura
10. Hospital Clínico



A escala da Compostela actual e a pervivencia pese a todo da rede de camiños de peregrinación pode ser unha oportunidade para traballar na continuidade da trama peonil da cidade histórica sobre a rede dos camiños históricos. Poderase facer sobre tres estratexias:

- Potenciar o valor dos camiños como espazo público, de relación e encontro para a xente
- Recuperar a capilaridade da cidade co seu territorio rural
- Facer dos camiños unha alternativa peonil e ciclista o uso do automóbil





- 1º Círculo
radio 0,8 Km/perímetro 2,6 Km
- 2º Círculo
radio 1 Km/perímetro 7 Km
- 3º Círculo
radio 4 Km/perímetro 25 Km

A forma da cidade, e a súa permeabilidade cara o seu territorio rural realizado sobre a base dos camiños de entrada a Santiago permanece mais o menos inalterada ata os anos cincuenta do século pasado cando a súa continuidade se vai modificando aceleradamente, debido a tres fenómenos principais:

- o proceso urbanizador do territorio rural
- a construción das grandes infraestruturas viarias
- a concentración parcelaria

- Camiños de Santiago
- Edificación anterior a 1957
- Edificación posterior a 1957






O ámbito de traballo e a entrada do camiño portugués en Santiago dende O Milladoiro, que atravesa a zona da Rocha ata o encontro dos ríos Sar e Sarela. O camiño, aínda que a súa traza actual non coincide co medieval, atravesa a zona mantendo sen embargo os fitos de paso: a visión da cidade enteira desde o alto de A Quenlla, o paso polo núcleo de A Rocha Vella e o castelo da Rocha e o primeiro paso do Sar pola ponte de A Rocha Vella.



Sobre esta zona sur da cidade aséntase unha poboación dunhas 17000 persoas, a maioría delas residentes no Milladoiro xusto no límite do termo municipal, e o resto en pequenos núcleos rurais e vivendas illadas ao carón das vías de comunicación. Unha parte importante desta poboación se despraza diariamente a Santiago en coche ou transporte público.



Este territorio foi fragmentado pola construción progresiva de infraestruturas viarias, que foron rompendo a súa continuidade e polo tanto a súa conexión peonil coa cidade: autovía a Bertamirán, o ferrocarril Santiago-Vigo e o cinturón sur de conexión das estradas a Padrón e Noia. Neste territorio tan roto a edificación está composta sobre todo por vivendas, vinculadas en ocasións á explotación da terra para autoconsumo.

- Edificacións tradicionais (ant. 1956)
- Edificacións posteriores a 1956
- Equipamentos
- Elementos patrimoniais
- Terciario e infraestruturas
- Trazado do camiño portugués
- Plans especiais de protección



Ao carón de esas grandes infraestruturas viarias existe unha rede de vías de menor entidade que construída sobre os antigos camiños enlaza os núcleos e as vivendas dispersas, e se utiliza hoxe indistintamente tanto polo peón como polo coche.

- Bosque extensivo de Piñeiro e eucalipto
- Monte baixo
- Caducifolias autóctonas
- Áreas de cultivo
- Vexetación de beira
- Parques públicos
- Camiños peonís
- Estradas de asfalto



A relación das casas coa vía e a presenza da parra e o seu espazo de sombra concédennlle a este tramo do camiño unha gran calidade de espazo público.



E obrigado reflexionar e tomar decisións sobre o encontro do camiño e a casa, onde e cómo acaba esta. O pensamento do camiño como espazo de comunidade obriga a decidir activamente sobre os peches de parcela, as entradas ás casas, os acabados das construcións, os tendidos das instalacións, etc.




O camiño portugués no tramo que discorre nas beiras do río Sar o fai sobre un territorio de gran calidade ambiental.



Un exemplo dun tramo de camiño "reconducido" pola xeometría lineal da concentración parcelaria.



O camiño portugués baixo o viaduto da estrada a Padrón. A recuperación dos camiños pode levar consigo unha nova visión e relación coas infraestruturas. Debe acompañarse da recuperación da calidade dos ríos e da súa vexetación de ribeira.



Configúrase unha rede de camiños de uso preferente para peóns e ciclistas, restrinxindo ao máximo a utilización do coche. A referencia é a velocidade de aqueles: a velocidade dun bo camiñante é de 4 ó 5 Km/h, a velocidade dun ciclista é de uns 20 Km/h. A velocidade do coche dentro desa rede limitarase a 30 km/h, e en determinadas zonas de importancia ambiental ou naquelas onde haxa un trazado alternativo ou non existan vivendas limitarase totalmente o seu paso. O camiño une fitos de referencia: patrimoniais, xeográficos, simbólicos, etc. Interesanos máis a atención a eses fitos de paso que o mantemento de un trazado que xa historicamente sufriu variacións.



Un novo pensamento sobre os camiños debe enfocarse á intervención nas áreas de rotura que supoñen as infraestruturas viarias, e a unha reflexión xeral sobre a maneira cando menos descuidada con que aquelas tratan ao territorio polo que pasan.



1. Accións sobre o trazado
O importante non é o mantemento dun trazado, senón a atención a uns fitos de paso

2. Accións sobre a vexetación
Definir zonas de protección nas que progresivamente se anulen as especies extensivas como pinos e eucaliptos en favor das caducifolias hoxe ocultas. Eliminación do matorral en favor das herbáceas autóctonas. Nas zonas de caducifolias e de vexetación de ribeira o prioritario é o mantemento do existente.

3. Accións sobre a sección dos camiños
Uso preferente para peóns e ciclistas. O ancho medio do camiño será de tres metros. Uso compartido co coche a velocidade reducida (30 km/h) en tramos de menos de 200 vehículos/día. Evitar duplicidades e excesiva dispersión na sinalización. Características dos pavimentos:
-Durabilidade
-Fácil mantemento
-Integración ambiental
-Baixo custo enerxético
-Comodidade para o peón

4. Accións sobre o espazo público
Nas zonas edificadas, coidárase o encontro entre o camiño e a casa. O camiño é o espazo de todos.
-Peches de parcelas
-Accesos ás casas
-Acabados das construcións
-Tendido das instalacións
Pequenas áreas de descanso e de protección contra a choiva distanciadas uns 600 m.

5. accións sobre a continuidade
Recuperación da continuidade do camiño, Intervención nas áreas de rotura:
-Paso elevado sobre a autovía a Bertamirán
-O ferrocarril ao seu paso polo castelo da Rocha
-A ligazón entre os ríos Sar e Sarela
-Recuperación de outros camiños hoxe ocultos

Moi a miúdo os camiños pasan por zonas nas que o dominio do piñeiro e do eucalipto e o crecemento abusivo do matorral impiden o crecemento das caducifolias autóctonas e das distintas especies de herbáceas. Nesas zonas poden levarse a cabo accións de tala controlada dos piñeiros e eucaliptos que permitan saír aos exemplares de carballo, castiñeiro, etc, hoxe ocultos por aqueles. Asemade mediante desbroces sucesivos irase debilitando o matorral para favorecer unha vexetación herbácea adaptada ao medio.

Escala
Territorio

Ámbito
Núcleos Tradicionais

Equipo
Óscar Andrés, Jesús Conde, Santiago García,
Arancha Garnelo, Javier Llamas e Sabela Núñez


Esta reflexión sobre os núcleos rurais de Santiago pretende responder a dúas preguntas: ¿que queremos conservar? e ¿que habería que modificar?

Os nosos núcleos rurais forman parte dunha paisaxe que é expresión da sociedade que o habita. Unha paisaxe en continua transformación, á procura dunha xestión eficiente dos recursos dispoñibles.

Para analizar esta paisaxe cultural propoñemos fixar a atención na parroquia de Santa Cristina de Fecha, que aínda que se atopa nunha zona non moi afastada do centro da cidade, sufriu poucas transformacións nas últimas décadas, e mantén unha dedicación significativa ás actividades agropecuarias. Desprazándonos dende esta parroquia até Santiago realizamos unha viaxe no espazo e tamén unha viaxe no tempo, que nos permite contemplar a evolución dos antigos núcleos rurais galegos desde a situación arquetípica inicial que representa Santa Cristina até a súa integración na trama urbana.

A parroquia de Santa Cristina de Fecha está formada polos núcleos de Diáns/Gallufe/Frenza/A Lamela/Gamil, que se atopan moi próximos entre si e constitúen unha unidade funcional, e os de O Roxido e Belén. Todos eles caracterízanse pola concentración das súas edificacións e polo seu reducido tamaño. Entre as ameazas que lles afectan, as principais son a substitución do seu tecido tradicional por outro de natureza urbana, pouco atento ás preexistencias, e a crise das actividades agrícolas, que os coloca nunha posición de extrema debilidade fronte á puxanza da cidade.


A lectura que propoñemos de Santa Cristina pretende identificar os procesos que poderían conseguir a súa sustentabilidade social, económica, ambiental e cultural, coa intención de que as súas conclusións se poidan xeneralizar a outros núcleos galegos en circunstancias similares.



A expansión da cidade a un ritmo cada vez máis acelerado provoca unha colisión entre estruturas e tecidos de moi distinta orixe e natureza. Este proceso de colisión entre a cidade e os núcleos rurais pode resumirse en tres estados:

1. Os núcleos que xa foron incorporados ao tecido urbano da cidade.
2. Enclaves rurais que aínda non se integraron na malla urbana pero que está previsto que o fagan en breve.
3. As aldeas que aínda manteñen unha actividade agrícola, e que o PXOM mantén como tales.

Fixamos a atención na parroquia de Santa Cristina de Fecha, que estaría incluída neste último grupo.



Mobilidade

En canto á mobilidade, débese restaurar as conexións entre os diferentes núcleos da parroquia, alteradas polos cambios nos usos do solo e pola concentración parcelaria.

Recoñecer, redescubrir, limpar, xerarquizar os camiños locais de todo o Concello de Santiago para formar unha rede alternativa ao tráfico rodado.

Xestión da auga

Unha das principais demandas dos veciños da zona é a mellora do saneamento e o abastecemento de auga, o que esixe unha xestión global e sustentable da totalidade das augas da parroquia, que garanta a preservación dos cursos de auga, a fiabilidade da captación e a repartición da auga de boca e rega, o aproveitamento das escorrentías e a reciclaxe das augas residuais mediante sistemas naturais de depuración "in situ".

Non se trata, en ningún caso, de adoptar solucións de compromiso derivadas da dificultade técnica e económica de aplicar sistemas estándar de abastecemento e saneamento, senón de converter unha carencia nunha oportunidade de implantar sistemas máis eficientes.

Cremos que a xestión destes sistemas debería correr a cargo dos propios veciños, tal e como veu ocorrendo até agora, xa que o capital social dunha comunidade é outro valor a reforzar.

Por outra banda, o estudo da xestión da auga sinalará a capacidade dos núcleos para recibir nova poboación, e debería ser un parámetro fundamental á hora de planificar a súa evolución.



Creceemento

Hoxe en día propóñense crecementos das parroquias consolidando os núcleos existentes e desenvolvendo áreas de expansión de vivendas unifamiliares, un modelo inadecuado, xa que ignora a matriz biofísica sobre a que se asenta e implica unha redución das posibilidades de desenvolvemento socioeconómico da zona. Para evitalo, propónse:


- Favorecer a ocupación das edificacións abandonadas e a consolidación dos núcleos, evitando conceder licenzas para novas vivendas en parcelas con construcións tradicionais abandonadas.
- Reducir a taxa da licenza de obras nas rehabilitacións.
- Propoñer daccordo coa nova Lei do Solo a eliminación das áreas de expansión e, de ser necesario, plantexar crecementos con novos núcleos, seguindo lóxicas análogas ás dos tradicionais.

Patrimonio


A parroquia conta con espazos e edificios de referencia que se atopan en bo estado de conservación, e que constitúen un importante capital de imaxe. Propónse a súa recuperación funcional, dotándoos de novos usos máis aló do seu papel identitario.

Centramos o estudo na parroquia de Santa Cristina de Fecha, conformada polos núcleos de O Roxido, Belén, Diáns, Gallufe, Frenza, Lamela e Gamil.


Os núcleos son parte dun territorio construído, sucesivamente transformado, composto pola matriz ambiental e os "engadidos". Todo iso conforma un patrimonio que debería ser a base do desenvolvemento futuro.





1. Lamela
2. Frenza
3. Gallufe
4. Gamil
5. Diáns
6. Belén
7. O Roxido





Usos do solo




Mobilidade



Hidroloxía



Sección do terreo e usos do solo



Reconexión de todos os asentamentos que conforman a parroquia mediante un conxunto de camiños que entrará a formar parte dunha rede xeral alternativa ao tráfico rodado para todo o municipio.

Potenciación da comunicación cos puntos de reunión que poderían congrega os habitantes da parroquia (igrejas e centro social).

Como actuacións prioritarias sería necesario recuperar camiños históricos, tratar as interseccións con respecto á estrada comarcal, ofrecer un camiño peonil alternativo ao tránsito por esta vía, e reducir a prioridade do coche fronte ao peatón nas estradas de conexión de núcleos.


- 1. Igrexa parroquial de Sta. Cristina de Fecha
- 2. Centro social
- 3. Igrexa Nosa Sra. de Belén
- 4. Puntos de interconexión de velocidade reducida



Exponse unha xestión sustentable das augas atendendo a catro bloques fundamentais:

- preservación e coidado do recurso auga. Plan-téxanse bandas de vexetación (buffer strips) que serven como protección dos cursos de auga respecto da contaminación difusa.
- atención á captación, suministro e uso da auga, implementando o sistema existente de depósitos de alimentación para cada un dos asentamentos.
- coidado na xestión das augas de escorrentía, incidindo e mellorando os sistemas tradicionais de canles de rega.
- solución de saneamento a base de sistemas de depuración natural que se dispoñan atendendo á orografía e localización de cada un dos asentamentos. Contarían cun tratamento primario mediante pequeno tanque decantador e un humedal construído de fluxo vertical subsuperficial con plantas macrófitas na superficie.

- Captación y canalización de agua de fontes naturais a depósitos colectivos
- Sistemas de depuración naturais / humedais de fluxo subsuperficial vertical
- Franxas de protección dos cauces naturais / buffer strips
- ▲ Escorrentía superficial
- ▲ Escorrentía liñal do viario
- Puntos de intersección escorrentía-viario



Fitodepuración. Sistemas de depuración naturais (2)




Escorrentía. Canais de xestión das augas de escorrentía superficial (4)

Arriba
Depósitos comunitarios de augas existentes (1) e buffer strips, franxas de protección dos cauces naturais (3)

Núcleos: Diáns, Gallufe, Frensa, Lamela, Gamil.
Estado actual dos núcleos con edificacións tradicionais e construídas recentemente.

- Construcións tradicionais
- Construcións tradicionais en ruínas
- Construcións novas





Hipótese de crecemento futuro dacordo coas previsións do Plan Xeral.

- Construcións existentes
- Área de consolidación (PXOM)
- Área de expansión (PXOM)
- Vivendas novas según crecemento do PXOM



Proposta de modificación do Plan eliminando as áreas de expansión, mantendo a delimitación dos núcleos tradicionais non consolidados.

- Núcleo a habitar/consolidar



Proposta de posible formación de novo núcleo seguindo as lóxicas de asentamento dos tradicionais.



Proponse fomentar as axudas á rehabilitación das edificacións existentes e á consolidación do núcleo primandoas sobre calquer construción nas áreas de expansión.

No caso de ser necesario plantexarse un crecemento cómpre ter en conta sempre a "capacidade de carga" do medio, definida por outros parámetros, e desenvolvelo dacordo cun estudo de detalle.



Rehabilitación do muíño de O Roxido volvéndoo a facer funcionar como un sistema xunto co lavadouro, a alberca e as canles de rega que derivan dela. Atópase dentro do espazo comunitario e a enerxía que se xere coa posta en funcionamento do muíño podería servir, a modo simbólico, para alimentar a iluminación pública do núcleo.

Posta en valor dos espazos comunitarios que reforzan a identidade dos núcleos e da súa xente.

Escala
Cidade Histórica/Cidade Contemporánea

Ámbito
Porta Faxeira

Equipo
CreuseCarrasco arquitectos
Arquitectos colaboradores: Bárbara Mesquita, Cristina Canto, Elisa Moreira, Francesca Tiri, Manuel Burraco
Maqueta: Bárbara Mesquita

Datos
Superficie Peonil Nova: 12.121 m²
Superficie Patios: 9.483 m²
Arborado Novo: 130 uds

Porta Faxeira|Campo da Estrela|
Alameda. Ramón Gil Rey 1832



A(s) cidade(s) próxima(s). Posibilidade do espazo interposto. Ante todo, cómpre falar daquilo que viviron outros nesta parte de Santiago ata finais do XIX, un recinto, no seu tempo amurallado, con espazos de chegada no entorno das históricas Porta Faxeira, Mámoa e Mazarelos, rodeado pola periferia do agrario: plantacións e camiños arborados cruzados unha e outra vez en contacto co urbano. Non se trataba dunha distorsión do construído, todo o contrario, no borde sucedíanse a mutación dos terreos agrícolas perante a cidade, espazo ofrecido, disposto e transformado para ela. Ese era o seu valor, coa alameda incorporada diante de rúas e casas, onde uns poucos elementos (árbores, fontes, muros e escaleiras) creaban liñas de orden e continuidade co espazo inmediato. Hoxe, a necesidade de percorrer o seu redor perturbou aquela idea de atravesar, presente na súa orixe, co que a Alameda quedou delimitada e segregada a poucos metros da cidade histórica. De xeito similar, os límites do Ensanche, construído ao longo do século XX, converteron as formas de acceder e as transicións, en canles que anulan tempo e secuencia espacial.


Agora tócanos converter dúas cidades separadas en próximas, mantendo a súa diversidade e mellorando a calidade do espazo interposto, un novo centro que pode ter, na súa dobre condición de nodo e límite, o seu interese, aportando unha lectura renovada desta cidade única. Ideas que afrontan temas e lugares concretos en profundidade e descubren novas relacións sen provocar desaxustes no conxunto. A Cidade Vella representa á aquela mantida pola idea de visita e culto, perpetuada por feitos históricos e que seduce como cidade consolidada por usos ben definidos e unha arquitectura excepcional. Nela, a análise ó longo do tempo desvela o que podemos intuír que pasou e foi. A Cidade Nova, representa a substitución do agrario e a construción dun espazo sen tempo e historia relevante que, sen embargo, está ben definida como centro pois nela desenvólvese o habitar de moitos santiagueses. O Espazo Interposto que propoñemos, nítrese destes feitos para converterse, todo el, nun único ámbito de relación con identidade propia, baseado na extensión e conexión dos percorridos peonís exteriores e na oportunidade de desvelar novas formas de habitar e xestionar os interiores das mazás do Ensanche, ampliando a oferta de servizo público e privado en recintos que non pertencen á cidade. Un escenario novo, tomado polos cidadáns, nun espazo central, dende Campo da Estrela-Carreira do Conde ata Virxe da Cerca, con puntos clave de tratamento e orden.

A continuidade da Cidade Vella na Alameda é cuestión necesaria que require dunha resposta clara: chegar as liñas de árbores ata Porta Faxeira mesturando dúas formas históricas de acceder: a pedra e as rúas cos paseos de terra e a cobertura vexetal. O soterramento da vía entre San Clemente e Carreira do Conde, facilita a circulación dos vehículos entre Pombal e Rosalía de Castro. Xuntar Xoán Carlos I e Carreira


do Conde, amplía transversalmente a Alameda, nova imaxe de entrada á cidade. Acceder ao aparcadoiro de Praza Galicia dende Hórreo, permite poñer a nivel a súa cuberta e, sen perder prestacións, crear unha superficie continua na que unha trama de árbores pode cambiar de posición. Fronte a Alameda, permanencia á que se lle da continuidade, Praza Galicia representa o espazo que muda dun xeito sutil. Tratar Pombal-Virxe da Cerca e Hórreo como vías principais independentes, fai que cada unha poda asumir a metade das liñas de autobuses de Praza Galicia, deste xeito, Ángel Senra, con carril habilitado para transporte público,

mantén a conexión entre elas relacionando definitivamente Cidade Vella e Nova en todo o ámbito como centro peonil.

Como complemento a esta cidade aberta e continua, apostar pola creación de prazas interiores nas mazás do Ensanche, con diferentes posibilidades de uso e construídas como elementos independentes superpostos ao existente e separados das fachadas, supón explorar un territorio acoutado non visible, que pode ser o inicio dun novo xeito de entender a cidade que, de non facelo, acabará por esgotar o espazo que contén.




Cidade Vella|Cidade Nova.
Ámbito de actuación



Ámbito|Diagnóstico


1. San Clemente|Alameda|Carreira do Conde
2. Mazás|Patios
3. Praza Galicia
4. Virxe da Cerca



Liñas principais de actuación
Relacións cidade



San Clemente|Alameda|Carreira do Conde.
Soterramento da vía e ampliación do espazo peonil





Praza de Galicia.
Esquema de fluxos



Patios. Posibilidade de crear espazos novos


*Praza Galicia
Esquema movimento
das árbores*



*Sección lonxitudinal
aparcadoiro Praza Galicia*



*Sección Alameda
Via soterrada*




*Sección tipo
Carreira do Conde*

Proposta

1. San Clemente/Alameda/
Carreira do Conde
2. Ángel Senra
3. Praza Galicia
4. Patios
5. Virxe da Cerca
6. Parada bus

Detalle d1



*Praza de Galicia
Plano arborado*



*San Clemente/Alameda/Carreira do Conde
Espazo continuo*



*Patios
Descubrir e ofrecer outra cidade*



Maqueta da proposta

Escala
Cidade Histórica/Cidade Contemporánea

Ámbito
San Lourenzo/Hortas

Equipo
Carlos Fernández García
Crecente Fuertes arquitectos
Colaboradores:
Gonzalo Blanco Pampín e Camilo Blanco Pampín

Reflexionar sobre como debe se-la relación entre a cidade antiga e a cidade aínda aferrada ó rural é repensa-lo existente achegándose dende o espazo público, esa sorte de baleiro intersticial que estrutura o espazo privado no que se erguen os volumes emerxentes das edificacións.

Neste traballo desenvólvese o estudo dun ámbito agochado no extremo oeste da demarcación do casco histórico. Dito ámbito sitúase na gaia que forman os rueiros de Poza de Bar e Carne de Abaixo, e esténdese ata a rúa do Monte dos Chaos. No seu interior, arrollado polo río Sarela, obsérvanse reminiscencias dun pasado rural salpicado de restos de vellas construcións pertencentes a unha industria fluvial tradicional. A súa orografía ven definida polo contraste entre o escarpado das ladeiras do río, poboadas de carballos, e a planicie formada no seu meandro. O itinerario tradicional que conecta o ámbito coa parte antiga da cidade pasa pola rúa das Hortas e desemboca na Praza do Obradoiro. É pois unha zona de transición entre a cidade e o contorno natural da periferia, un lugar esquecido malia atoparse á distancia dun paseo do centro da cidade, un lugar vulnerable pola súa propia introspección para o cal a cidade antiga representa unha paisaxe de fondo e, xa que logo, un lugar desatendido sen apenas equipamentos no que o coche monopoliza a ocupación do baleiro.

Os obxectivos deste exercicio, que mestura investigación e intuición, apuntan á restauración dunha cidade de desprazamentos sostíbles. A urxente dinamización de áreas descoidadas, como os núcleos do Sarela, debería axudar á consecución dunha cidade peonil e transitáble, de espazos comúns conectados e abertos que permitan pasea-las miradas de veciños e camiñantes, onde cada recanto estea preparado para recibilo visitante e os sitios desapercibidos de outrora aparezan como un descubrimento que complementa o atractivo turístico da zona monumental.

A metodoloxía empregada para o recoñecemento do ámbito parte de dúas premisas: a primeira é adaptalo tempo como a unidade para medilos desprazamentos, porque a distancia en tempo é unha medida universal; e a segunda é considerar Santiago como unha cidade para camiñar dado que a súa dimensión é perfectamente abarcable a pé. Acorde ás anteriores premisas percórrense as vías públicas que capilari- zan o ámbito, pautando o traxecto en intervalos de 3' e indicando as desviacións e as prazas relacionadas coa vía. Estes datos sintetízanse nun esquema gráfico que permite establecer unha medida de estándares de des- prazamento entre servizos básicos. Ese diagrama pon en evidencia a carencia de equipamentos e infraestruturas dos que adoece a zona de intervención e a súa conseguinte dependencia do centro da cidade. Tamén axuda a distinguir unhas tipoloxías de espazos abertos que, na actualidade, debuxan un confuso plano das relacións existentes entre o público e o privado.

Nesta fase primeira experimental vanse detectan- do zonas públicas marxinais, intimidatorias e inco- nexas que teñen vocación de se converteren en novos espazos de interacción, en áreas de oportunidade para a revitalización do lugar.


Os percorridos facilitaron a elaboración dun plano diagnose que amosa a existencia de diferentes esca- las na percepción do ámbito: a escala de cidade, a de núcleo, a de ribeira e a de campo. Estas configuran un lugar complexo no que, pola súa proximidade, conflúen as actividades dos tres tipos de cidade que conforman Santiago: a cidade antiga, a moderna e a universitaria. De aí que os espazos que o compoñen, na medida que participan de tres xerarquías a un tempo, atesouren múltiples significados que demandan un equipamento híbrido.

Para que esa cidade intuitiva devese nunha rea- lidade habitable, propomos apoiarse nas áreas de oportunidade detectadas para iniciar un proceso de rexeneración urbana. Dese xeito, tirando proveito das características do contorno, desenléase o tráfico mediante a optimización do viario, tanto rodado coma peonil; poténciase a socialización do espazo comu- nitario coa formación dun soto e a oferta de hortas públicas; e establécese unha relación de equidade co resto da cidade promovendo a colectivización dos ser- vizos co desexo de que, nun futuro, este ámbito deixe de ser percibido como unha fronteira e Santiago pase a ser un *continuum*.



Presentación do ámbito

- Cidade Antiga
- Rueiros
- Río Sarela
- Área de influencia
- Demarcación do Casco Histórico




Sección ámbito catedral e entorno da edificación

- Escala río
- Escala núcleo
- Escala "campo"
- Escala cidade




Estado proposto

- Áreas de oportunidade
- Viaro
- Peonil
- Rural
- Mixto
- Estrutura vexetal
- Frondosas
- Escalíptos existentes
- Tecido produtivo



Metodoloxía e diagnose


- Segmento de 3 min no
- | Intersección
- Espazo público existente
- Áreas de oportunidade
- "Campo"
- | Paso sobre o río
- - - Segmento percorrible en 3 min
- Percepción acústica do río
- Percepción visual da Catedral



	Catedral	Poza de Bar	Carballa de San Lourenzo	
Catedral	6			
Poza de Bar	15	8	2	Campus
Carballa de San Lourenzo	12	6	2	Alameda
Campus	8	3	9	6
Alameda	21	15	20	23
Bar de Abaixo	9	3	12	11
Carme de Abaixo	13	7	4	6
Taxeira de San Lourenzo	13	7	4	6
Ponte Sarela	20	12	5	9
Centro social en Figueirinhas	14	8	10	11
Centro social en Figueirinhas	15	9	7	12
Aparcamento en Figueirinhas	12	6	7	9
Actuación na "canteira" Taxeira	16	10	5	9
Ribeira de San Lourenzo	17	11	10	11
Actuación na rúa dos Asidros	24	18	15	17
Actuación no Pombal	8	2	9	6
Actuación na rúa San Lourenzo	12	5	3	8



Vista da proposta dende o Pedroso



Intervencions asociadas ó espacio público

- a. *Aparcamentos vinculados a viviendas*
- b. *Aparcamentos na vía pública*
- c. *Souto de castiñeiros*
- d. *Hortas públicas*
- e. *Equipamento deportivo*
- f. *Equipamento sociocultural*
- g. *Equipamento social*
- h. *Viviendas de aluguer da Universidade*
- i. *Carballos*



Vista de equipamento híbrido no núcleo da Toxeira



Escala
Cidade Histórica/Cidade Contemporánea

Ámbito
San Pedro/Belvís

Equipo
Celso Barrios, Manuel Carbajo e Juan Pinto

Ámbito. Atópase ó Leste da Cidade Medieval e vertébrase historicamente a partires do trazado da Ruta Francígena, ó redor do desaparecido Mosteiro de San Pedro de Fora e do Convento de Belvís.

A súa función agrícola mantense ata a idade contemporánea, desaparecendo coa expansión da cidade, que trae novas realidades que transforman radicalmente o territorio.

Vaise conformando unha nova estrutura territorial, un tecido urbano denso e complexo, debedor da súa posición de tránsito nos fluxos rodados e peonís da Cidade.

Identificáronse como límites:

- O eixo formado polas rúas San Pedro-Concheiros, camiño de peregrinación e espazo público de gran de transitio cunha importante actividade comercial.
- A Avenida de Lugo e o Periférico, fortes barreiras na mobilidade da cidade.
- O Parque de Belvís, pechado en si mesmo, empregado polo vehículo rodado como atallo e polo tráfico peonil como lugar de paso.



Localización e Plano de Cánovas, Laforet e De la Gándara 1908



Distintas imaxes do estado actual



Diagnose. Observamos tres zonas diferenciadas:

- O eixo San Pedro-Concheiros, camiño de entrada á cidade, espazo de gran vitalidade que concentra case todo o comercio do barrio. As vivendas históricas existentes na Rúa de San Pedro, convértense en edificios de vivenda colectiva de maior altura nos Concheiros.
- O ámbito do Convento de Belvís, onde a total ocupación do espazo agrícola con edificacións residenciais deu lugar a un espazo público estreito, carente de usos comerciais, e de difícil convivencia co coche.
- As rúas comprendidas entre a Corredoiro das Fraguas e a Avenida de Lugo. As edificacións son na súa maioría vivendas colectivas en altura que concentran o uso comercial na Avenida de Lugo e na Rúa Quiroga Palacios.


Esta fragmentación dificulta a relación co resto da cidade, converténdose nun espazo urbano pouco permeable. Isto vese acentuado polos fortes desniveis existentes, a elevada densidade de tráfico na Rúa de San Pedro e o efecto fronteira da Avenida de Lugo.

O espazo público atópase fagocitado polo exceso de protagonismo do eixo San Pedro-Concheiros, sen que xurdan alternativas estruturadas sobre as dinámicas latentes no lugar (vexase o escaso uso do espazo público da Trisca pese á súa posición central).

O conflito do peón e o coche, provocado polo tráfico de paso que soporta o barrio, incompatible co tamaño das rúas, convertidas en aparcadoiros públicos. O uso case exclusivo residencial con ausencia de usos alternativos, empobrece a diversidade e a mellora na calidade de vida do barrio.



1º plano: Espazo Público e Espazo Libre Privado
2º plano: Uso comercial e aparcamento no espazo público
3º plano: Unidades de actuación do Plan Especial do Casco Histórico



Propostas de actuación no barrio

- Actuacións no tráfico rodado
- Actuacións no tránsito peonil

Proposta de intervención. Conexión rodada Rúa das Fraguas-Concheiros-Rúa de San Pedro. Conexión peonil Avda. de Lugo-Costa do Veedor

A proposta. Preténdense xerar dinámicas que aproveiten a posición estratéxica do barrio na cidade, aproveitando os seus fluxos, manexándoos axeitadamente.

As oportunidades do barrio son: a súa posición, a súa consolidación, a continuidade do seu espazo público e a abundancia de espazos verdes (públicos e privados).

O barrio é unha alternativa á cidade histórica.

Propónse a reordenación do tráfico rodado, mantendo unha circulación perimetral para o acceso do vehículo privado e o transporte público, reservando o interior para o tráfico peonil. Evitamos que o coche pase polo barrio como atallo cara outro destino. Peatonalizamos as Trompas, accedendo ó aparcadoiro do parque de Belvís exclusivamente dende o Seminario.

Poténcianse o eixo Concheiros-San Pedro, captando parte da súa complexidade, introducindo novos fluxos ó interior do barrio, provocando a aparición de novos usos, abrindo e revitalizando o barrio, invitando á cidadanía a participar do que alí ocorra.

Sacamos do ostracismo a praza-mirador da Trisca, elemento central de toda a actuación. De aquí parten e chegan novos camiños, algúns intuídos, outros xa propostos, pero en calquera caso novedosos.

Xeramos un percorrido peonil polo espazo privado das mazás, que dende a Avenida de Lugo, atravesando a costa do Veedor, chegue ata o mirador da Trisca. Outro dende aquí, atravesará a horta do Convento e sairá no mirador de Belvís conectando coa peatonalizada Rúa das Trompas.

Na baixada dende a Trisca cara a Avenida de Lugo propóñense unhas escadas mecanizadas, situadas xunto ao futuro albergue de peregrinos do Seminario, que nos deixan no cruce subterráneo cara ás Brañas do Sar.

Por último, se prevé a conexión do Parque de Belvís coa Porta do Camiño, coa eliminación da Casa da Xuventude, permitindo novas e necesarias relacións, no espazo público existente.




Proposta de Intervención . Rúa das Fraguas e conexión peonil Costa do Veedor-Miradoiro da Trisca




Recreación virtual da proposta na Rúa das Fraguas



Recreación virtual do corredor peonil Costa do Veedor-Miradoiro da Trisca



Proposta de intervención na horta do Convento de Belvís



Peonalización da Rúa das Trompas

Escala
Cidade Histórica

Ámbito
Intramuros

Equipo
Consortio de Santiago de Compostela

A Cidade Histórica é unha arma cargada de futuro. As cidades son o escenario no que imos ter que abordar os desafíos pendentes da humanidade para construír unha sociedade máis xusta, solidaria e ecolóxica.

As cidades históricas amosaron a súa eficiencia no tempo para albergar a vida en veciñanza dos seres humanos. A súa permanencia é consecuencia da súa capacidade de adaptación ao cambio continuo da vida urbana nun clima e un territorio concretos, o que as acredita como modelos urbanos de éxito.

Esta capacidade de evolución, perfectibilidade e resiliencia, é a que nos permite pensar que as cidades históricas soportarán como tantas veces o fixeron no pasado os cambios indispensables nos modelos de convivencia e nos modelos enerxéticos do futuro.

Da rehabilitación á habitabilidade. A estabilidade física dunha cidade Patrimonio da Humanidade ten máis que ver coa habitabilidade e o mantemento que coa rehabilitación. A habitabilidade require enerxía e pola súa vinculación directa co uso, é un concepto dinámico máis próximo ao ritmo natural de calquera cidade viva.


A progresiva normalización da realidade física das cidades históricas e a necesidade de administrar con eficacia os recursos destinados á conservación dos conxuntos históricos debe inducir a paulatina substitución da cultura da rehabilitación pola cultura do mantemento.


O Consorcio de Santiago, baixo o lema “Ter é Mantener”, impulsa un Programa de Mantemento da envolvente e elementos comúns dos edificios, mentres que iniciativas como “A Pedra que Pisas” velan pola conservación do espazo público a través do mantemento dos pavimentos históricos.

A cidade e a enerxía. A aproximación enerxética á rehabilitación na cidade preindustrial non debe limitarse á mera substitución da construción de nova planta pola rehabilitación. Debemos xestionar axeitadamente os balances enerxéticos da fabricación dos materiais e dos elementos construtivos, da loxística da construción e da xestión de masas e medios auxiliares. A pesar da tecnoloxía, non todo vale, e as decisións de proxecto deben someterse a unha lóxica superior vinculada co territorio, co sentido común do lugar e coa austeridade económica resultante de aceptar as leis naturais e as limitacións dun emprazamento determinado.

Eloxio do baleiro. No proceso de protección e posta en valor dunha cidade histórica, a atención e manexo do baleiro é quizais en termos de proxecto urbano máis importante que a restauración e conservación do patrimonio construído. No baleiro están as claves da implantación da cidade no territorio, do uso e continuidade do espazo público, da súa estrutura ambiental. Santiago posúe unha estrutura de zonas verdes moi potente e que penetra ata o propio corazón da cidade a través das hortas, espazos altamente produtivos dende o punto de vista económico, de ocio, ambiental, etc...

A habitabilidade depende das Infraestruturas urbanas. En Santiago de Compostela, unha vez normalizado e activada a iniciativa privada no proceso de intervención en edificios e vivendas, a habitabilidade depende da urxente reforma e mellora das infraestruturas urbanas. A renovación de infraestruturas fórmase nun horizonte de 11 anos, e require a elaboración previa dun Plan Director de Infraestruturas. É unha oportunidade para pensar a cidade en clave enerxética, unha oportunidade para xerar recursos e dinámicas moi produtivas que non podemos desaproveitar.





Escala
Cidade Histórica

Ámbito
Virxe da Cerca
Fonte de Santo Antonio

Equipo
2C arquitectos

Ao analizar este ámbito, decatámonos de que mentres que a maior parte da cidade dun ou doutro xeito foi sufrindo transformacións, estes espazos caracterízanse por ter quedado bloqueados no tempo, obrigado por compromisos moi fortes que lle impediron avanzar e adaptarse aos cambios que se produciron no resto da cidade.

Queremos plantexar aquí os interrogantes que durante estes meses nos fomos formulando, e nas que entendemos que deben estar as claves deste bloqueo que tarde ou cedo haberá de romper:

¿é irremediable que estes espazos sexan como son actualmente? ¿é imprescindible que os vehículos privados e públicos teñan que utilizala con tanta intensidade? ¿é inevitable que os peóns non poidan ter máis espazo, que teñan que camiñar polas calzadas para poder cruzarse, ou para evitar a xente que espera nas paradas dos autobuses? ¿é lóxico que o 30% dos baixos de Virxe da Cerca non teña actividade?

Se observamos cómo se foi transformando a cidade, tanto a peatonalización da améndoa, coma as sucesivas intervencións de reurbanización nas rúas do ensanche, foron pasos sen retorno nun proceso que sistematicamente foi restrinxindo o espazo destinado ao vehículo para darllo ao peón.

E necesario asumir unha obviedade: *a situación actual destes espazos é consecuencia inevitable dos requirimentos actuais e se cremos que algún cambio é necesario será imprescindible que revisemos estes requirimentos.*

¿é lóxico que estas vías sexan unha alternativa razoable e habitual para cruzar a cidade? ¿é necesario que 21 das 24 liñas de autobuses da cidade pasen por estas rúas? ¿é posible outra formulación de mobilidade pública e privada?

Entendemos que as solucións a estes problemas non van estar na análise que se circunscriba ao propio ámbito, senón que requiren a revisión de modelos que afectan ao conxunto da cidade.

Nós non estamos en condicións de resolver o “plan de mobilidade” de Santiago de Compostela. Pero tampouco cremos que os “estudos de mobilidade” por si mesmos teñan as claves. Máis ben ao revés. Entendemos que estes “estudos” só poden confirmar ou descartar as cuestións que o debate do modelo de cidade lles formule. E é neste punto no que queremos estar e dende o que nos atrevemos a propoñer.

Gustaríanos pensar que é posible que Virxe da Cerca e Fonte de Santo Antonio deixe de ser unha “travesía urbana”, e que definitivamente sexa a Avenida de Lugo o eixe vertebral que articule a mobilidade rodada pública e privada. Para iso sería necesario evitar que esta rúa forme parte dun percorrido continuo norte-sur, e que tan só se permitan a través dela movementos locais destinados a dar servizo aos barrios estremeiros.

Parécenos necesario que a circulación rodada por estas vías do centro estea reservada para o transporte público racionalizado, así como para o acceso dos residentes, os servizos, as emerxencias e a carga e descarga, dificultando todos aqueles movementos de paso que poidan ter alternativas a través doutros corredores ou vias periféricos.

Tamén pensamos que a sección de Fonte de Santo Antonio con anchos de 8,5 metros entre aliñacións nalgún punto do tramo de Fonte de Santo Antonio está entre os 12,5 e os 8,5 metros, non permite circulación en dobre sentido.

Tamén cremos necesario unha revisión da mobilidade rodada pública. É necesario saber se é posible substituír o actual modelo radial no que todos os autobuses levan ao centro, por un modelo de rede ortogonal probablemente máis eficiente e que cubra máis territorio, facilite a comunicación entre os puntos da periferia e evite a conxestión no centro.

¿é necesario un aparcadoiro subterráneo na Praza de Galicia? ¿é posible que os seus accesos xeren dificultades engadidas no tráfico rodado? ¿podería ser só un aparcadoiro tan só para residentes?

Entendemos que estas son preguntas que debería responder o “estudo de mobilidade” que está en marcha. De todos os xeitos, atrevémonos a dicir que revisando as zonas de influencia dos actuais aparcadoiros e analizando que acontece cando eliminamos o aparcadoiro da Praza de Galicia nos parece que este aparcadoiro é difícilmente renunciabile, polo menos para residentes.

Pero entendendo que a vida comercial da zona estremeira do ensanche e do Casco Histórico require ofrecer oportunidades similares ás doutras zonas comerciais da cidade, cremos que sería bo que este aparcadoiro fose público e mesmo propoñeríamos a súa ampliación ao longo da Rúa da Senra.

Especialmente delicada parécenos a situación do acceso e a saída, porque disto depende que se

minimicen todo o posible as incidencias que o aparcadoiro puidese ter sobre o tráfico rodado.

¿Hai tanto que gañar nestes espazos? ¿Paga a pena que a cidade se arrisque a cambiar o seu concepto de mobilidade?

Nós cremos que se trata dunha oportunidade que a cidade non pode perder.

Supón gañar un eixe de circulación peonil que dende a Igrexa do Pilar ata a Porta do Camiño ten unha lonxitude de 1.100 metros que poden ser 13 ou 14 minutos camiñando, e que ten un desnivel constante do 1%, é dicir, practicamente plano, o cal en Santiago é pouco frecuente.

Se trata dun percorrido peonil que transcorre dende a Alameda no seu extremo sur, ata o Parque de Bonaval no extremo norte e pon en contacto barrios como o ensanche, o Casco Histórico, Belvís e San Pedro.

Moitas das edificacións situadas neste percorrido, están catalogadas con nivel 1 e 2 no Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela.

Se os criterios que antes expuxemos non fosen incompatibles cos resultados dun “estudo de mobilidade” correctamente enfocado, o espazo destinado ao tráfico rodado pasaría de ocupar o 58% do espazo público a tan só o 21%. Isto supoñería que o espazo destinado ao peón pasaría de ocupar o 42% a máis do 79%.

Ámbito, zonas verdes e catalogación de edificación



Estado actual das rúas Virxe da Cerca e Fonte de Santo Antonio



Tráfico rodado existente

Tráfico rodado
Ámbito de estudo

Mobilidade existente

1. Vista Alegre
2. Almaciga
3. Belvís
4. Ensanche
5. Campus Sur
6. Améndoa



Tráfico rodado proposto

Tráfico rodado
Ámbito de estudo

Mobilidade proposta


1. Vista Alegre
2. Almaciga
3. Belvís
4. Ensanche
5. Campus Sur
6. Améndoa

¿Cómo pensamos que podería ser Fonte de Santo Antonio e Virxe da Cerca?


A circulación reduciríase a un único carril con tráfico rodado en dirección Norte. Sería un espazo baleiro, agás na zona do convento de San Agustín na que se propoñería colocar unha serie curta de árbores de certo porte (quizais 4 ou 5) no lateral oeste da rúa. Conformaríase como un plano continuo, só matizado polos cambios de pendente para a recollida de augas.

A pavimentación sería de lousas de pedra, cun cambio na zona de rodadura, onde se podería utilizar formigón ou lastra.

Seleccionamos 4 puntos da rúa sobre os que estivemos a traballar e nos que intentamos imaxinar este troco.




Virxe da Cerca
Tramo do Mercado de Abastos



Virxe da Cerca
Rampa de Acceso ao Mercado de Abastos



Fonte de Santo Antonio
Tramo da Mercé



Fonte de Santo Antonio
Tramo Tránsito dos Gramáticos

¿Cómo pensamos nós que podería ser a Praza de Galicia?

Empezemos polo que creemos que non pode ser: Non cremos que poida ser espazo edificado. A densidade do ensanche non permite renunciar a baleiros próximos como este a pesar da proximidade do baleiro da Alameda.

Tampouco debería ser estación de autobuses. Non ten tamaño abondo para permitir os xiros e movementos dos autobuses. Creemos que o axeitado é que sexa unha parada máis.

Non cremos que poida ser espazo estancial. Parécenos que hai e pode haber demasiada tensión nela como para servir de lugar estancial.

Tampouco pode ser xardín ou parque urbano. A súa posición é demasiado central. Os fluxos de tráfico peonil que a cruzan poden ser demasiado intensos como para admitir ocupacións abondo que permitan plantacións ou axardinamentos extensivos.


Entendemos que a vocación máis lóxica deste espazo é ser “punto de encontro”.

É o sitio onde se queda, onde se espera, onde a xente se encontra.

Co tráfico rodado restrinxido ao lateral este, cremos que a Praza se debería configurar como un espazo practicamente baleiro, que facilite a mobilidade e ocupado tan só

por algúns bancos e algúns elementos de vexetación.

Tamén consideramos interesante a colocación dunha pequena estrutura que configure un espazo cuberto e ademais recolla algúns servizos necesarios para a actividade da Praza: o acceso peonil ao aparcadoiro, unha pequena cafetaría, uns aseos públicos, un posto de información cidadá, algún quiosco... Pero respectando polo menos a metade do espazo baleiro.



Proposta para a Praza de Galicia

Escala
Cidade Histórica

Ámbito
San Roque

Equipo
Salgado e Liñares arquitectos
Abalo Alonso arquitectos
Escaleno arquitectura

O Barrio de San Roque artéllase ao traveso do rueiro norte. Entre as súas características físicas e urbanísticas destacan:

- Outeiro da Almáciga, que define a topografía do barrio: dificulta as circulacións transversais en beneficio das periféricas.
- Os Conxuntos Claustrais, referencia arquitectónica: sistema preestablecido de ocupación do territorio que propicia conxuntos autónomos e homoxéneos, plenamente humanizados, prefixados por estas tres invariantes:
 - O Claustro: coma tipo arquitectónico pechado.
 - A Horta: coma espacio libre estritamente funcional.
 - O Muro: coma definidor do “recinto”.
- A Residencia, a escala miúda: compórtase coma un Recheo.
- O Conxunto de La Salle, que baixo os efectos da maquinaria pesada prescinde da topografía...
 - A súa arquitectura contravén a súa escala: compórtase coma un Recheo, por xustaposición de partes inconexas.
 - O “Baleiro” que define é informe e heteroxéneo; carece de precisión e matices: paralelismo cas Palabras Baúl, pois no seu ánimo e condición está servir malamente para todo, aínda que propiamente para nada. Constitúe unha Explanada, un No-Lugar.

As Liñas de Actuación céntranse nestes tres aspectos:

1. O Rueiro Norte

- O “rueiro” norte como elemento de transición entre as rúas da améndoa e as novas infraestruturas viarias
- Vía de aproximación á cidade degradada pola intensidade de tráfico soportada.
- A rúa torna en estrada e arteria fundamental no tránsito Norte-Sur da cidade.
- Contaminación acústica, ambiental, visual, e alteración dos valores simbólicos da cidade
- Empobrecemento do espazo público: alteración da rasante orixinal, difuminación das aliñacións históricas.
- Percorridos peónis estrangulados, interrompidos, e “acosados”.
- “Fractura” entre o recinto monumental e as pezas inmediatas.

Proposta

Tratamento de continuidade co recinto monumental, que permita conseguir unha lectura global da cidade histórica, superando a fractura de borde a través da recuperación dos espazos de convivencia e paseo, a racionalización do uso do vehículo privado e do transporte público.

Accións:

- Un só carril e adaptación ao esquema de “bucles”.
- Humanización dos espazos e reurbanización xeral do eixo Basquiños-San Roque-Porta do Camiño
- Intervencións singulares sobre as Prazas de San Xoán de La Salle, As Penas e San Roque cara a rexeneración destes espazos.

2. Comunicación Transversal

- Entre os “rueiros” a progresiva difuminación da cidade no rural.
- Estructura parcelaria e viaria orixinal propias do seu carácter.
- Estas zonas “intersticiais” de accidentada topografía tórnanse no proceso de desenvolvemento da cidade en “bolsas” de solo en progresiva degradación.
- Problemas de articulación e mobilidade interna.
- Os antigos camiños, moitos de excepcional valor ambiental, derivaron nun proceso de “necrose” pola alteración das condicións de orixe.

Proposta

Novos percorridos alternativos de carácter transversal, que superen o illamento da Almáciga e poñan en valor o tecido viario tradicional preexistente, enlazando os espazos verdes do norte e permitindo a conexión interior entre as pezas urbanas do exterior da améndoa do casco histórico.

Accións:

- Apertura de novas vías “capilares”.
- Incorporación dos “espazos ocultos” ao espazo público.
- Xeneración da conexión entre a rúa de Tras Santa Clara e a ruela de Caramoniña no recinto de “La Salle”.


3. Áreas de Oportunidade: o “Baleiro” de La Salle.

La Salle coma pequena cidade.

O noso diagnóstico propón as seguintes actuacións:

- Reordenación de volumes:
 - Rebaixe da altura da edificación principal.
 - Axuste do polideportivo.
- Comunicación transversal Norte-Sur.
- Configuración do extremo Sur:
 - Substitución da dársena por unha nova edificación.
- Configuración do extremo Norte:
 - Resolución do desnivel rúa-campo de fútbol.
 - Conexión co parque.
 - Acceso polideportivo.

1. Sta María de Bonaval
2. CGAC
3. La Salle
4. San Roque
5. Carme de Arriba/Porta da Pena
6. Sta Clara




a. A Cidade Intuída
b. Santa Clara
c. San Roque



d. La Salle, vista dende Bonaval
e. La Salle, borde Norte



f. Almáciga, barreira topográfica
g. Caramoniña
h. Posible conexión



Persoa camiñando 5 Km/h	Persoa correndo 12 Km/h	Persoa en bicicleta 25 Km/h
5 min 15 min 40 min	2 min 6 min 18 min	1 min 3 min 10 min

Co crecemento da cidade as portas desprázanse, e redefinen a súa función e o seu carácter. Cada nova coroa de circulación pon en cuestión ás precedentes:

–Deste xeito constatamos:


A consolidación da 2ª coroa -a circunvalación- coincide no tempo co peche da “almendra” ao tráfico.

–E deste xeito tamén, diagnosticamos:


A consolidación hoxe da 3ª coroa, a formada pola autoestrada e o periférico, debe provocar na práctica a revisión da 1ª coroa, a formada polo eixo Basquiños-Virxe da Cerca-Camiño Novo

En definitiva, cuestionamos o papel desta 1ª coroa como vía de cruce da cidade. E propoñemos, en consecuencia, un Sistema de bucles, de entrada e saída da cidade histórica, como medio de superar a actual situación e reformular o seu carácter.

Rueiro norte / Estratexia 1

Rueiro norte: Pastoriza
Estado previo e proposta


Comunicación transversal / Estratexia 2

Sección polo monte
da AlmacigaAcceso a Bonaval e
Caramoniña

Áreas de oportunidade: La Salle / Estratexia 3

La Salle Borde Sur
Estado previo e proposta


Plano Síntese / Suma de Estratexias



San Roque

Transversalidade

La Salle



- 1. Manuel Gallego. *Arquitecto*
- 2. Juan Domingo Santos. *Arquitecto*



1.



2.

Entrevista a:
Manuel Gallego (MG)
Juan Domingo Santos (JDS)

A entrevista tivo lugar o 25 de novembro de 2010 na Praza da Quintana de Santiago de Compostela.
Entrevista: describir
Fotografías: Luis Díaz Díaz

A idea da que partiu **A Cidade Intuída** era crear un obradoiro de espazo público no que unha serie de equipos de arquitectos fixeran un traballo de imaxinación sobre como será, ou debería ser, a cidade de Santiago de aquí a 10 anos. Poida que fose interesante comezar este ciclo de conversas tentando establecer que é, e que características ten a día de hoxe, o espazo público.

MG. O espazo público é o espazo das persoas, un espazo colectivo...

E o espazo dun museo, é un espazo público?.

MG. Si, naturalmente que si. Eu creo que son espazos públicos a pesar de que estén cheos de calidade privada. Son espazos de uso e acontecementos colectivos, aínda que tamén se sinta a privacidade neles.

JDS. O di moi ben Manolo, o espazo público son espazos colectivos que hoxe en día non teñen unha figura e unha forma moi definida. Quizais o que lle quede ao cidadán sexa a reapropiación do espazo público. Un lugar onde as persoas poidan proxectar as súas inqúedanzas, as súas necesidades...

MG. O que acontece é que o espazo público é diferente en cada cultura. Todas as culturas teñen un espazo público de seu, unha mentalidade de espazo público. O espazo público o levamos posto, cada un o entende dunha maneira. Hoxe dise que na cidade contemporánea o espazo público está disolto, que se diluíu na televisión, na publicidade... como espazo de comunicación, como espazo de contacto entre persoas, como espazo de acontecementos. Gústame moito esa idea para definir os lugares: os espazos públicos son lugares potenciais, lugares múltiples, lugares onde poden acontecer cousas que ti lembrarás como acontecementos importantes ao longo da túa vida, espazos que se quedan dentro, e, en definitiva, son espazos que teñen unha complexidade enorme. Onde tamén hai moitas posibilidades de sentir e de relacionarte, son espazos abertos, por iso as prazas, como esta da Quintana, son tan maravillosas, nela poden acontecer moitas cousas en calquera lado, non é un espazo pechado conforme a unha soa función, senón que son multifuncionais. O que acontece é que esa é a visión que temos asimilada e que ten a súa orixe na cidade europea tradicional, pero o espazo público na cidade actual, para min é unha icógnita. Eu creo na necesidade de que o arquitecto constrúa o espazo público, que constrúa tamén o vacío, pero sen dúbida é unha das icógnitas da cidade contemporánea.

Ao longo de toda a túa traxectoria como arquitecto nótase esa preocupación pola dimensión pública dos edificios, proxectando en relación ao contexto, no Museo de Arte Sacro na Coruña, ou tamén na mesma cidade, na definición espacial do adro de entrada ao Museo de Belas Artes, por mencionar tan só dous exemplos. Como credes que ten cambiado, ou evolucionado, a consideración sobre o espazo público nos últimos anos?.

MG. Na cidade postmoderna, baixo o meu punto de vista, perdeuse a noción do espazo público, indefiniuse. Perdeuse incluso no tempo, e agora a interpretación de espazo público é diferente, e nese sentido cabe recordar o que dicía hai un momento: o espazo público disolveuse e agora está nos medios de comunicación, nos teléfonos móbiles, nos paneis publicitarios, perdeuse a referencia das distancias, o espazo público agora é informe. E a pesar de todo iso, eu creo que o home necesita o contacto directo, que ese contacto o enriquece, e coido que para iso hai que crear espazos, acomodar espazos. Facer espazos potenciais para que acontezan cousas é o único cometido que ten claro o arquitecto.

JDS. Na cidade actual é necesario que se de un fenómeno de reapropiación do espazo público por parte das persoas. Nese sentido interésame moito a idea de domesticar o espazo público, de que poida acoller usos privados. Por exemplo, no Sur, de onde veño, a xente saca as cadeiras á rúa, e ao sentarse nelas, converte a rúa nunha prolongación do espazo interior da casa. O espazo público nese momento é un espazo máis do espazo privado doméstico. Despois, por outro lado, o espazo público está agora afectado por un fenómeno de modificación constante. Cambiar a fachada da cidade, a imaxe da cidade, é difícil, pero o espazo público, moitas veces pola necesidade que sinten os políticos de reafirmar a súa presenza, transformouse nun territorio sometido ao proxecto constante.

En Santiago, o Parque de Bonaval de Álvaro Siza, podería ser un exemplo de reapropiación para a cidade e de creación dese espazo de potencialidades do que falaba Manuel Gallego. Temos entendido que ti, Juan Domingo, estás precisamente colaborando con Álvaro Siza nun proxecto de espazo público.

JDS. Con Álvaro Siza estou traballando agora nun concurso para o adro de entrada á Alhambra de Granada, e, curiosamente, moitas veces lle teño preguntado cal é a obra coa que se sente máis satisfeito de entre tódolos proxectos que ten realizado. El sempre evadía a pregunta contéstandome que ou ben non sabía, ou que todos eran igual de importantes. Xa a última vez que insistín acabou confesándome que o proxecto que máis lle gustaba, co que se sentía máis identificado, era cos xardíns de Bonaval.

MG. Pois esa é unha afirmación bonita de Siza. Bonaval é un sitio maravilloso.

JDS. Contesteille que resultaba curioso que fosen uns xardíns e non un proxecto de arquitectura.

MG. O maravilloso dese proxecto é que con moi poucas accións personaliza o espazo tremendamente, ese xardín non é o que había, e con case nada o transforma. A verdade é que é un proxecto maxistral. Hoxe, na arquitectura, moitas veces non se lle da importancia á relación entre as cousas, préstase máis atención ao obxecto en si. E esa relación non é máis que medir o vacío que existe. A miña opinión é esta en parte porque a formación que tiveron foi a da cidade europea. O mundo rural xa é distinto, é un espazo sen forma fixa, sen forma xeométrica, é un espazo sen alineación, é un espazo moi sorprendente, porque se define por elementos accidentais ou xeográficos, é un espazo moi enriquecedor.

O espazo público do rural quizais teña que ver con ese espazo dos acontecementos do que falabas antes.

MG. Ao final é a vida, é a cerimonia da vida. E aquí, na cidade, iso acontece por exemplo cando hai unha manifestación; son os acontecementos públicos os que o definen. E algunhas veces tamén é a vida privada das persoas. Os grandes acontecementos persoais relaciónanse sempre con espazos e para min esa relación é arquitectura. É na creación de potencialidades deste tipo onde verdadeiramente reside a profundidade da arquitectura.

Poderíase dicir entón que no rural non existe espazo público?.

MG. Eu creo que o espazo público coma un feito de uso continuo é mais de urbanidade. Os espazos rurais colectivos son espazos esporádicos. A carballeira que se transforma no campo da festa non é un espazo público ata que se enche de vida e comeza a soar a gaita e a xente comeza a bailar. Son espazos que potencialmente se transforman en públicos, o mesmo que acontece coas eiras, adquiren vida temporalmente, e despois languidecen. Eses espazos colectivos do rural non están concebidos como espazos públicos coas regras da urbanidade. Non son o mesmo e convén matizalo.

JDS. Gustoume moito esa relación que estableces entre o espazo público e a experiencia persoal.

MG. Si, quen non ten grandes lembranzas ligadas a un espazo?. Para min a arquitectura e o tempo están tan unidos, que case diría que a arquitectura consiste en crear tempos para que acontezan cousas.

1. Emiliano López. *Arquitecto*
2. Teresa Gali Izard. *Paisaxista*



1.



2.

Entrevista a:

Emiliano López (EL)
Teresa Gali Izard (TG)

A entrevista tivo lugar o 21 de decembro de 2010 na Alameda de Santiago de Compostela. Entrevista: desescribir Fotografías: Luís Díaz Díaz

A Cidade Intuída pretende ser un espazo no que poder reflexionar sobre a cidade posible e desexable dun futuro próximo. Como interpretades a maneira na que moitas cidades están afrontando a necesidade de repensarse a si mesmas en termos de mobilidade interna, de sustentabilidade, de relación co territorio...?.

TG. Creo que pode resultar moi positivo para a cidade plantexar un obradoiro coma este, que permite intercambiar puntos de vista entre arquitectos que coñecen de primeira man a realidade sobre a que están reflexionando, e outros profesionais coma nós, que vimos de fóra. Probablemente, no que levamos visto ata agora das liñas de investigación propostas, se perciba un peso excesivo dos coñecementos que os equipos teñen adquiridos sobre a súa cidade, e dos que non é doado afastarse para tentar ser un pouco máis libres, máis entusiastas, ou máis imaxinativos no momento de buscar as novas solucións que a cidade precisa. Penso que todas as cidades están sentindo a necesidade de repensarse, e é importatísimo afrontar ese proceso sen limitacións e cunha actitude aberta.

EL. Quizais non sexa tan importante o resultado, senón o encontrarse e o poder falar, o poder investigar, o poder descubrir. Non tanto por atopar a pedra filosofal do que se quere acadar, senón máis ben por ir entendendo e asimilando a complexidade de cidades coma esta, que non son simétricas, nas que se ollas cara un lado ou ollas cara o outro, de seguido te deca-tas que estás no medio da natureza. Dende esta especificidade do lugar, é importante analizar a cidade para que toda a sociedade, a través dos arquitectos, ou a través doutros profesionais, sexamos máis conscientes de onde estamos.

Dalgunha maneira todo este proceso supón un cambio de modelo na maneira na que se ten densenvolvido a profesión de arquitecto.

EL. Precisamente Teresa non é arquitecta, e quizais iso sexa o interesante, que a propia disciplina da arquitectura, cos cambios que están acontecendo, ten que comezar a entender que o campo de acción é moito máis amplo, e que está obrigado a tomar partido na sociedade non só contruíndo, senón tamén pensando, legislando, propoñendo, e non só dende a construción. Quizais o que faga falta moitas veces sexa máis borrar que engadir.

TG. Eu considero a arquitectura como a última profesión esponxa que existe na sociedade, pero creo que non debe ter medo a ser precisamente esponxa, a deixarse empapar de forma culta, ou de forma aberta, do que vai acontecendo noutras disciplinas, na enxeñaría, na agronomía... Teño comprobado que os arquitectos son os últimos que teñen esta capacidade transversal de pensar, aínda que a nivel social teñan perdido moito prestixio. Creo que os arquitectos, e con máis motivo neste momento de crise, ademáis de propoñer, deben animar á sociedade a pensar que as cidades poden ser diferentes a como son agora. Penso que estaría ben chegar a un pre-poxecto, a tentar imaxinar realmente todo o que pode chegar a ser esta cidade e ofrecelo para que no futuro dende o Concello teñan moitas posibilidades de continuoal. Hai que ter paixón polo que se quere facer.

Nas túas intervencións durante a exposición das propostas, comentabas que máis que falar de 'verde' nas cidades, deberíamos comezar a falar de estruturas vexetais. A consideración da vexetación no interior das cidades ten mudado de entendela como algo necesario e saudable para o benestar dos cidadáns, a que en moitos lugares, se trate de maneira case exclusivamente ornamental.

TG. Para min a vexetación non pode de ser xamais algo ornamental dende a base de que non existe unha árbore fea. Esta tendencia de falar das cores do outono é infantil e é algo que está superado. As estruturas vexetais na cidade son algo moito máis serio. Por outro lado non son imprescindibles; por exemplo na Cidade Histórica de Santiago hai moitas rúas onde non hai unha soa árbore e sen embargo é unha cidade fantástica. O que hai que facer e planificar a estrutura vexetal, sexa con árbores, ou sexa prado, ou sexa outra tipoloxía, e isto pode axudar a ter unha visión distinta da cidade.

En relación coa escala territorial da cidade, en Galicia existe unha rede capilar de camiños que de sempre serviu para estruturar o espazo rural. A maioría deses camiños están agora en

proceso, ou xa definitivamente abandonados. Que importancia pode ter para a cidade a recuperación desa rede como maneira de conexión da cidade coa súa contorna?.

TG. Preocúpame que dende hai moitos anos sempre estamos falando da cidade e nunca o facemos do medio rural e agro forestal, e cando se fai, a visión que se adopta é totalmente urbana. En Cataluña estanse facendo agora uns plans de paisaxe errados que falan so do espazo rural dende unha visión pintoresca. O verdadeiro problema, do cal descoñezo a solución, é a desocupación do espazo rural. Moitas veces teño dúbidas sobre a cidade compacta como a solución. Continuamente esquecemos que a natureza vai seguir o seu camiño se o medio rural é abandonado, e non estou segura de que saibamos o que realmente está acontecendo, de se queremos que pase desa maneira ou se é un proceso que teñamos controlado. Eu coído que hai un interesante debate sobre este tema. Temos que decidir como se xestiona ou se se debe mesmo xestionar, se se debe protexer ou non, e se se fai, analizar como se asume o custo desa protección. É un debate de futuro.

O espazo rural ten esa cualidade un pouco ambigua que fai que a pesar de ser un espazo privado, particular, percíbese coma un espazo público. Nos proxectos do voso estudio, por exemplo no hotel Aire de Bardenas, ou nas vivendas de protección oficial de Barcelona, nótase unha preocupación semellante por eses espazos non de todo definidos, espazos de transición, nos que de inicio poden acontecer moitas cousas.

EL. Santiago para nós é un bo exemplo desa circunstancia levada á escala da cidade, onde a transición entre o núcleo urbano e o territorio é máis agradable, máis natural. Sen apenas ser consciente pasas dunha cidade consolidada ao campo. Agora estamos traballando a dous kilómetros da Catedral de Santiago e practicamente parece que estás no medio do rural. Eses espazos intermedios, que poden pasar en urbanismo, ou poden levar-se a unha xanela, como tamén pasa en Galicia coas galerías, son as situacións que nos interesan e que aportan calidade e riqueza.

Esa preocupación dalgunha maneira supón un cambio de paradigma para a profesión, de tentar acadar grandes resultados por medio de pequenas intervencións, ou de intervencións máis atentas ou coidadas.

EL. Nos cremos que si. Eu penso que a arquitectura está constantemente reafirmándose contra toda esta nova tecnoloxía. Que é a día de hoxe unha xanela para a xente? Un iPad ou unha xanela de toda a vida? Que importa máis, poder ter unha vista agradable ao exterior? ou poder ter unha boa televisión? Nos cremos que o arquitecto ten que traballar para tentar convencer á xente de que é importante a maneira na que está orientada unha casa, de cales son os filtros se lle propoñen a unha vivenda entre o exterior e o interior, como as sucesivas capas poden ir xerando espazos agradables, que ademais son gratis e, como todo isto afecta de verdade a calidade de vida. Que non depende todo de enchufarnos, senón máis ben do contrario. Pensamos que o máis complicado hoxe en día, e supoño que pasará en tódalas profesións, é escoller e non perderse en toda a información que temos dispoñible, quizais as solucións esenciais son as máis importantes...

1. Luis Martínez Santa-María. *Arquitecto*



1.

Entrevista a:
Luis Martínez Santa-María

A entrevista tivo lugar o 4 de febreiro de 2011 na Praza da Quintana de Santiago de Compostela. Entrevista: desescribir Fotografía: Luis Díaz Díaz

A Cidade Intuída busca visualizar, a partir da reflexión dunha serie de equipos de arquitectos, unha imaxe futura e imaxinada da cidade de Santiago no ano 2021. Como ves o futuro das cidades, cres que seguirán sendo a referencia e principal expresión do colectivo, como acontece na cidade europea tradicional?.

Os arquitectos estamos máis acostumados a ofrecer solucións concretas, a facer un proxecto dunha casa ou dun museo. Invitásenos menos veces a que fagamos unha reflexión, que non sexa necesariamente unha proposta, unha reflexión que sexa máis unha consideración de cales son os problemas ou as circunstancias que se dan nun momento dado, e como se poderían mellorar ou anticipar certas dificultades. Por esa razón me parece que é moi pertinente que se convide aos arquitectos a que demostren os seus coñecementos tamén pensando, non tan só debuxando, proxectando ou construíndo. Máis aínda cando as cidades estan sufrindo efectivamente esa ausencia de reflexión. É certo que existen unha serie de plans pero en xeral carecen dunha idea global da cidade. Bótase en falta, e é moi necesario, que exista unha vontade de anticipar o futuro das cidades.

Relacionado con isto que comentas, sobre a posibilidade de que os arquitectos poidan, ou deban, actuar e participar en procesos non habituais da profesión, chámamos a atención que a túa tese doutoral trataba o tema dos camiños...

A tese chámase 'a árbore, o camiño e o estanque ante a casa', e eu coido que forma parte da miña maneira de sempre de entender a arquitectura como algo moi cercano. Propoñíame estudar a arquitectura dende elementos que para min eran familiares, próximos, que eran absolutamente tanxibles. Un ve unha paisaxe e hai unha casa, e a casa ten unha árbore ao seu carón. Ve unha árbore e sinte a necesidade de construír unha casa xunto á árbore, e sempre hai un camiño que se dirixe ás portas dunha casa... Parecíame que eran uns elementos moi relacionados coa arquitectura e que sen embargo non tiña sido tratados por ninguén, ou que tiñan sido tratados, pero tan só polos mellores arquitectos como temas permanentes da arquitectura nos seus propios proxectos. O meu foi unha maneira de aproximación á arquitectura a través de elementos familiares, non a través das grandes excepcións ou de discursos complicados.

A outros convidados anteriores xa llelo preguntamos e agora o facemos, como é evidente, con máis motivo. Cal cres que pode ser o futuro, no caso de que o teña segundo a túa opinión, da rede capilar de camiños que existe en Galicia, que de sempre serviu para estruturar o territorio e conectar diferentes núcleos entre si, e os propios núcleos coa súa contorna, e que cada vez máis, están caendo nun estado de abandono?.

Eu penso que nas cidades, sobre todo canto máis urbanas son, o exercicio físico se transforma nun feito abstracto que se afasta do agradable, do pracenteiro. Vemos á xente facendo *footing* e non vemos á mesma xente axudando a pasear aos seus pais maiores, cando realmente, ese exercicio físico, que queda en mans de coidadores ou de profesionais contratados, si que ten un sentido. Vexo que hai unha separación entre o exercicio físico que realmente tería unha razón, e un exercicio físico que se orixina nos ximnasios, cunhas máquinas, ou facendo *footing*, movéndose dun lado para outro, que para min, insisto, carece de sentido. Por iso, a min me parece que poder chegar a unha cidade camiñando, ou chegar ao teu traballo camiñando media hora, ou corenta minutos, sería unha maneira de unir o exercicio físico a algo que ten lóxica, que é achegarte a un destino determinado. Nese sentido sería unha cidade marabillosa, unha cidade na que a xente puidese vivir a trinta minutos de distancia, que xa son case tres kilómetros, e á que puidesen acercarse camiñando, e da que despois, xa máis cansos, tivesen a posibilidade de volver por exemplo en transporte público. Estou convencido que esa rede de camiños é unha riqueza para esta cidade.

Nos teus proxectos faise evidente a confianza que depositas nos materiais de construción para outorgar sentidos e cualidades aos teus proxectos. Cres que é suficiente esa dimensión material da arquitectura para facer que un espazo público funcione?

O que pasa é que o espazo público acontece con máis facilidade no centro da cidade que na periferia. Para todos os que viven nunha cidade o centro

ten unha significación, seguramente por ser conscientes do paso do tempo, ou por unha certa calidade na súa configuración, tamén mellorada polo tempo, porque como dicía Goya, o tempo tamén pinta. Creo que as persoas precisan que nas cidades existan lugares onde se poidan sentir recoñecidos. Por outro lado, cando falamos de espazos públicos de calidade nos centros históricos, soe pasar que esos espazos representan, e son o resultado, dunha unión marabillosa entre arquitectura e urbanismo, situacións nas que non se sabe que acontece antes. A propia palabra urbe ven de *urbs* que significa pedra, o que quere dicir que o urbanismo tamén é arquitectura, tamén é construción. Non hai diferenza entre as lousas de pedra do chan e a maneira na que están construídas as fachadas. Isto na cidade moderna é máis difícil. Primeiro acontece unha planificación, despois unha construción. Non hai este vencello tan poderoso entre o trazo da cidade e os seus edificios.

Olga Pedreiro Ferreiro,
concelleira da Cidade Histórica e
Rehabilitación
Javier Fernández Muñoz,
arquitecto xefe do OCiHR

Organiza
Concello de Santiago.
Concellería da Cidade Histórica e
Rehabilitación
OCiHR. Oficina da Cidade
Histórica e Rehabilitación

Financia
Deputación da Coruña

Colabora
Colexio Oficial de Arquitectos
de Galicia
Consortio de Santiago

Coodinadores
Javier Fernández Muñoz
Carlos Quintáns Eiras

Secretario
Santiago García

Deseño
Cibrán Rico López e
Jesús Vázquez Gómez
para desescribir

Fotografías
Luis Díaz Díaz

Desarrollo web
estudiocaravana

Ríos
Estudio
Cristina Ansede
Alberto Quintáns

www.ansedequintans.com

Camiños
Estudio
rvr arquitectos
Alberto Redondo
José Valladares
Marcial Rodríguez

www.rvr-arquitectos.es

Núcleos
Equipo
Óscar Andrés
Jesús Conde
Santiago García
Arancha Garnelo
Javier Llamas
Sabela Núñez

www.ansedequintans.com

Porta Faxeira
Estudio
CREUSECARRASCO
Juan Creus
Covadonga Carrasco
Colaboradores
Bárbara Mesquita
Cristina Canto
Elisa Moreira
Francesca Tiri
Manuel Burraco

www.creusecarrasco.com

Hortas
Equipo
Carlos Fernández arquitecto
Colaboradores
Gonzalo Blanco Pampín
Camilo Blanco Pampín

Crecente Fuertes arquitectos
Gonzalo Crecente
Javier Fernández

San Pedro
Estudio
Celso Barrios
Manuel Carbajo
Juan Pinto

Intramuros
Equipo
Consortio de Santiago

www.consorciodesantiago.org

Virxe da Cerca
Estudio
2C arquitectos
Angel Cid
Silvia Diz
Mar Ponte
Maite Gómez
Samuel Fernández
Maria Rodríguez
Rocío Vilas
Marta Boga

www.2carquitectos.com

San Roque
Equipo
Salgado e Liñares arquitectos
Alfonso Salgado
Francisco Liñares

www.salgadoeliñares.com

Abalo Alonso arquitectos
Elizabeth Abalo
Gonzalo Alonso

Escaleno arquitectura
Jesús Manuel Álvarez Flórez
José Luis Dorrego Tain
Rufo José Fernández Rodríguez

www.escalenoarquitectura.es

VOZ DE GALICIA

Compostela 2021

Organiza:



Financia:



Colabora:

